

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E COMPETITIVIDADE

- 8367** *Real decreto 681/2014, do 1 de agosto, polo que se modifican o Regulamento de plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro, o Regulamento sobre a instrumentación dos compromisos por pensións das empresas cos traballadores e beneficiarios, aprobado polo Real decreto 1588/1999, do 15 de outubro, o Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, e o Real decreto 764/2010, do 11 de xuño, polo que se desenvolve a Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados en materia de información estatístico-contable e do negocio, e de competencia profesional.*

Mediante este real decreto acométense diferentes reformas no Regulamento de plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro, no Regulamento sobre a instrumentación dos compromisos por pensións das empresas cos traballadores e beneficiarios, aprobado polo Real decreto 1588/1999, do 15 de outubro, no Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, e no Real decreto 764/2010, do 11 de xuño, polo que se desenvolve a Lei 26/2006, do 17 de xullo, en materia de información estatístico-contable e do negocio, e de competencia profesional. A orde das normas modificadas correspóndese coa amplitude da reforma que se realiza, comezando coa do Regulamento de plans e fondos de pensións, que é a maior e máis profunda das modificacións. A reforma do Regulamento sobre a instrumentación dos compromisos por pensións das empresas cos traballadores e beneficiarios abórdase en segundo lugar por ter unha vinculación natural por razón da materia coa norma que a precede.

O artigo 1 modifica o Regulamento de plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro.

O texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro, configura, xunto coa normativa referente a seguros, o marco legal aplicable aos sistemas privados de aforro finalista. O desenvolvemento desta lei establécese no Regulamento de plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro, que tanto na súa redacción inicial como nas súas modificacións posteriores actualiza, sistematiza e completa a adaptación da normativa regulamentaria en materia de plans e fondos de pensións, contando así mesmo coa experiencia acumulada na materia e tomando como referencia os desenvolvementos no ámbito da Unión Europea.

A Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, que entrou en vigor o 6 de marzo de 2011, modificou mediante a súa disposición derradeira décimo terceira o texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro. Igualmente, nesta lei recóllense varias disposicións transitorias que completan esta modificación legislativa. Así, a disposición transitoria terceira regula a adaptación dos comercializadores de plans de pensións individuais e dos contratos de comercialización; a disposición transitoria cuarta contén o réxime transitorio dos recursos propios das entidades xestoras de fondos de pensións; e a disposición transitoria sexta refírese á cancelación de asentos no Rexistro Mercantil referidos a feitos non suxeitos a inscrición relacionados cos fondos de pensións e remisión telemática de solicitudes e comunicacións. Tamén, a disposición derradeira trixésimo primeira contén unha previsión relativa ao desenvolvemento regulamentario sobre difusión de información en política de investimento de fondos de pensións.

Posteriormente, a Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema de Seguridade Social, tamén modificou varios preceptos do citado texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2002, do 29 de novembro, mediante a disposición derradeira terceira, a disposición derradeira cuarta, e a disposición derradeira décimo primeira. Estas disposicións derradeiras entraron en vigor o 1 de xaneiro de 2013, salvo a disposición derradeira terceira, que entrou en vigor o 2 de agosto de 2011.

En materia de continxencias cubertas polos plans de pensións, adáptanse os preceptos correspondentes do regulamento á modificación do artigo 8.6 do texto refundido da Lei de plans e fondos de pensións efectuada, con efectos de entrada en vigor o 1 de xaneiro de 2013 e vixencia indefinida, pola disposición derradeira novena da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013. Na súa virtude, precísase no regulamento a continxencia de xubilación dos partícipes sen posibilidade de acceso á dita situación e os supostos de anticipo da prestación do plan correspondente á xubilación.

En canto á regulación das comisións de control dos plans de pensións de emprego, modifícanse os preceptos regulamentarios para a súa adaptación ao artigo 7.2 do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións modificado, con data de efectos de entrada en vigor o 2 de agosto de 2011, pola Lei 27/2011, do 1 de agosto.

En relación cos procedementos de autorización e inscrición administrativa e comunicacións de datos rexistrados dos fondos de pensións, adáptanse as disposicións do regulamento ao previsto nos artigos 11 e 11 bis, entre outros, do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións na súa redacción dada pola disposición derradeira décimo terceira da Lei 2/2011, do 4 de marzo, en virtude da cal se axilizan os procedementos introducindo canles telemáticas, se suprime o requisito de autorización administrativa previa para as modificacións e a inscrición dos plans de pensións no Rexistro Mercantil, e se reduce a tres meses o prazo para resolver as solicitudes de autorización e inscrición. Así mesmo, en materia de silencio administrativo modifícase a disposición adicional segunda do regulamento recollendo o criterio xeral de silencio positivo para os procedementos de autorización e inscrición de fondos de pensións e das súas entidades xestoras e depositarias, de conformidade co anexo I do Real decreto lei 8/2011, do 1 de xullo, de medidas de apoio aos debedores hipotecarios, de control do gasto público e cancelación de débedas con empresas e autónomos contraídas polas entidades locais, de fomento da actividade empresarial e impulso da rehabilitación e de simplificación administrativa.

En materia de mobilizacións de dereitos consolidados e económicos entre instrumentos de previsión social complementaria, adáptanse as disposicións regulamentarias ás modificacións do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións introducidas pola Lei 2/2011, do 4 de marzo, sistematízanse os supostos e precísase a regulación da mobilidade dos dereitos económicos dos traballadores nos seguros colectivos de instrumentación de compromisos por pensións regulados na disposición adicional primeira do citado texto refundido.

En relación coa comercialización de plans de pensións individuais, así como respecto do réxime de información a partícipes e beneficiarios, desenvólvense determinados aspectos relativos á actividade do comercializador e revísanse e actualízanse as obrigacións de información a partícipes e beneficiarios coa finalidade de potenciar a transparencia e claridade na información proporcionada sobre estes produtos de aforro-previsión, en sintonía coas tendencias regulatorias nacionais e internacionais doutros sectores do sistema financeiro e coas recomendacións emanadas de organismos internacionais. Con esta finalidade desenvólvese o documento cos datos fundamentais para o partícipe que a entidade xestora e os comercializadores facilitarán aos potenciais partícipes para que coñezan as principais características e riscos que comportan estes produtos, o cal deberá redactarse de forma obxectiva, clara, precisa e en termos inequívocos.

Con respecto ao réxime de investimentos, adécuase o marco normativo existente para clarificar certos aspectos referidos ás condicións de aptitude exixidas aos activos, así como aos límites de investimento aplicables. Desenvólvese o contido da declaración comprensiva dos principios da política de investimento dos fondos de pensións e introdúcense aspectos referentes á utilización de criterios extra financeiros (éticos, sociais, ambientais e de bo goberno) na selección de investimentos, coa finalidade de adaptar a normativa ás tendencias existentes no ámbito internacional.

En relación coa actividade das entidades xestoras e depositarias, clarifícanse e desenvólvense as funcións encomendadas a estas co obxecto de adaptalas á realidade dos mercados e para garantir o seu adecuado cumprimento. Con tal fin, nas entidades xestoras acláranse aspectos tales como a función de control sobre a entidade depositaria, a conservación e custodia da documentación relativa aos partícipes e beneficiarios, a delegación de funcións, e modifícase o réxime de comisións aplicable a estas entidades; e respecto das entidades depositarias, desenvólvese a función de custodia, a función de control da entidade xestora, a delegación de funcións e modifícase o réxime de comisións aplicable a estas entidades.

Co obxecto de traspasar ao ordenamento xurídico español en materia de fondos de pensións o artigo 19.1 da Directiva 2003/41/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de xuño de 2003, relativa ás actividades e á supervisión dos fondos de pensións de emprego, modificada polo artigo 62 da Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, relativa aos xestores de fondos de investimento alternativos e pola que se modifican as directivas 2003/41/CE e 2009/65/CE e os regulamentos (CE) n.º 1060/2009 e (UE) n.º 1095/2010, este real decreto modifica o artigo 87, punto 1, do Regulamento de plans e fondos de pensións incluíndo a posibilidade de que as entidades xestoras de fondos de investimento alternativos poidan ser designadas para a xestión dos investimentos dos fondos de pensións.

Tamén se traspón ao ordenamento xurídico español o disposto no artigo 18.1 bis da citada Directiva 2003/41/CE, modificada polo artigo 1 da Directiva 2013/14/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio de 2013, que modifica a Directiva 2003/41/CE, relativa ás actividades e á supervisión de fondos de pensións de emprego, a Directiva 2009/65/CE, pola que se coordinan as disposicións legais, regulamentarias e administrativas sobre determinados organismos de investimento colectivo en valores mobiliarios (OICVM), e a Directiva 2011/61/UE, relativa aos xestores de fondos de investimento alternativos, no que atinxe á dependencia excesiva das cualificacións crediticias. Para tal fin, modifícase o artigo 81 bis do Regulamento de plans e fondos de pensións, sinalando que, en todo caso, se evitará a dependencia exclusiva e automática das cualificacións crediticias nas políticas de investimento dos fondos de pensións xestionados.

O artigo 2 modifica o Regulamento sobre a instrumentación dos compromisos por pensións das empresas cos traballadores e beneficiarios, aprobado polo Real decreto 1588/1999, do 15 de outubro.

Estas modificacións refírense ao pagamento do dereito de rescate nos seguros colectivos que instrumentan compromisos por pensións, ao réxime de información a asegurados e beneficiarios neste tipo de contratos e nos plans de previsión social empresarial.

O Real decreto 633/2013, do 2 de agosto, polo que se modifican o Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo, e o Real decreto 764/2010, do 11 de xuño, polo que se desenvolve a Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados en materia de información estatístico-contable e do negocio, e de competencia profesional, co obxecto de reducir de cargas administrativas dos mediadores de seguros, suprimiu a obrigaición de remisión da documentación estatístico-contable semestral. Faise necesario proceder a adiantar a data de remisión da documentación estatístico-contable (DEC anual) para non diminuír a necesaria información con que debe contar a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións para o exercicio das súas funcións e co fin de posibilitar a análise e a

presentación ao sector dos datos do negocio dos mediadores de seguros de forma máis actualizada.

O artigo 3 modifica diversos aspectos do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro.

O 20 de novembro de 2012, a Comisión Europea aprobou o novo sistema de «Tax lease» para o financiamento da construción e adquisición de buques. Coa finalidade de permitir unha maior diversificación dos investimentos das entidades aseguradoras, considérase conveniente incluír os investimentos nestes activos dentro do catálogo de activos aptos para a cobertura de provisións técnicas. Con iso, ademais de permitir ás entidades aseguradoras unha maior diversificación das súas carteiras en activos considerados fiables, promóvese paralelamente o investimento na industria naval, considerada estratéxica.

Así mesmo, resulta necesario adecuar as previsións do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados á Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do 1 de marzo de 2011, no asunto C 236/09, denominado «Test-Achats», en relación co artigo 5 da Directiva do Consello 2004/113/CE, do 13 de decembro de 2004, pola que se aplica o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres no acceso a bens e servizos e a súa subministración.

Esta sentenza declarou inválido o artigo 5.2 da citada directiva, que permitía aos Estados membros, en determinadas condicións, autorizar diferenzas en función do sexo nas primas e prestacións de seguro. A sentenza conclúe que a posibilidade de que os Estados membros afectados manteñan de modo ilimitado no tempo unha excepción á norma de primas e prestacións independentes do sexo é contraria á consecución do obxectivo de igualdade de trato entre mulleres e homes. Por tanto, establece que, a partir do 21 de decembro de 2012, xa non poderán existir diferenzas proporcionadas das primas e prestacións das persoas consideradas individualmente, nos casos en que a consideración do sexo constituía un factor determinante na avaliación do risco a partir de datos actuariais e estatísticos pertinentes e exactos. Esta prohibición abarca unicamente as pensións e seguros privados, voluntarios e separados do ámbito laboral.

A Directiva do Consello 2004/113/CE, do 13 de decembro de 2004, foi incorporada ao ordenamento xurídico español pola Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que regulou a cuestión a que se refire a sentenza no seu artigo 71.1 e na disposición transitoria quinta.

O cumprimento da mencionada sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea exige adaptar a lexislación ao disposto nela. Para estes efectos, a Lei 11/2013, do 26 de xullo, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, na súa disposición derradeira décimo terceira, modificou a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, eliminando a habilitación contida no seu artigo 71.1 que permitía que regulamentariamente se puidesen establecer diferenzas de trato entre mulleres e homes no cálculo das tarifas dos contratos de seguro, así como a posibilidade contida na súa disposición transitoria quinta de manter as bases técnicas e as tarifas en que o sexo constituíse un factor determinante da avaliación do risco.

Igualmente, a disposición derradeira décimo cuarta da mencionada Lei 11/2013, do 26 de xullo, modificou o texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto lexislativo 6/2004, do 29 de outubro, mediante a inclusión dunha nova disposición adicional décimo segunda, que consagra o principio de igualdade de trato e o seu ámbito de aplicación. Ademais, a disposición transitoria sexta da Lei 11/2013, do 26 de xullo, regula o momento a partir do cal os contratos non poderán conter esta diferenciación en función do sexo, establecendo que se entenderá por contrato celebrado despois do 21 de decembro de 2012 a modificación, prórroga, ratificación ou calquera outra manifestación de vontade contractual que implique o consentimento de todas as partes e teña lugar con posterioridade a tal data.

Como complemento ao anterior resulta necesario modificar o punto 7 do artigo 76 do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, coa finalidade de adecualo ao disposto nas modificacións legais antes citadas, ben que non resulta xa

procedente reproducir no texto regulamentario a data a partir da cal os contratos non poderán conter esta diferenciación en función do sexo.

Débense modificar tamén o punto 3 do artigo 76 e o punto 1.m) do artigo 105 do mencionado Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, para dar cumprimento ao disposto no artigo 60.3 do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados.

A Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, na súa disposición derradeira décimo cuarta, e a Lei 1/2013, do 14 de maio, de medidas para reforzar a protección aos debedores hipotecarios, reestruturación de débeda e alugamento social, na súa disposición derradeira segunda, modificaron o artigo 60.3 do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, establecendo xunto á obrigaón, xa existente anteriormente, de proporcionar determinada información nos seguros de vida nos cales o tomador asume o risco do investimento, unha nova obrigaón para as entidades aseguradoras nos seguros de vida en que o tomador non asuma o risco do investimento, nos cales deberán informar da rendibilidade esperada da operación considerando todos os custos.

Esta norma legal remite a desenvolvemento regulamentario as modalidades ás cales resulta aplicable e a metodoloxía de cálculo da rendibilidade esperada.

Tendo en conta o anterior, neste real decreto determínanse as modalidades de seguros de vida en que se establece a obrigaón de informar, defínese o que se entende por rendibilidade esperada e regúlase a forma de exercer este dereito, prevéndose que a regulación do método de cálculo da rendibilidade esperada se desenvolva mediante orde ministerial. Así mesmo, habílitase a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións para que, mediante resolución, poida excluír da obrigaón de información sobre a rendibilidade esperada outras operacións de seguro de vida que teñan un alto grao de compoñente biométrico.

Así mesmo, engádese unha disposición transitoria décimo primeira e derrógase a disposición transitoria terceira do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, relativa ao seguro de decesos.

A citada disposición, que agora se derroga, estableceu, para as carteiras de pólizas existentes no momento da entrada en vigor do regulamento cuxas bases técnicas non fosen conformes co establecido nel, un sistema de dotacións á provisión do seguro de decesos baseado en porcentaxes das primas devindicadas, en lugar do valor dos compromisos asumidos, e, ademais, non garantía a suficiencia da provisión nin cando se observasen na súa dotación as porcentaxes sobre primas devindicadas fixadas na disposición transitoria terceira, nin cando o importe da provisión así constituída alcanzase os límites establecidos nela. A experiencia acumulada desde a publicación do regulamento mostra que, por regra xeral, as provisións constituídas conforme o disposto na súa disposición transitoria terceira resultan insuficientes para reflectir o importe das obrigaóns asumidas por razón dos contratos de seguro a que esa disposición se refire, e isto malia se teren integrado no seu importe as provisións de envellecemento, de estabilización ou de desviación da sinistralidade dotadas no pasado, a que fai referencia o punto 3 da citada disposición.

Polo anterior, parece oportuno, a través desta nova disposición transitoria décimo primeira, aplicar no cálculo da provisión do seguro de decesos un só sistema, o que establece o artigo 46 do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados.

Este réxime consiste en conceder un período máximo de vinte anos para que as entidades que, no momento da entrada en vigor do regulamento, tivesen carteiras de pólizas cuxas bases técnicas non fosen conformes co disposto nel poidan chegar a constituír a totalidade da provisión, tal como prevén o artigo 46 do regulamento, mediante un plan de dotacións sistemático, é dicir, que responda a un esquema preestablecido e sexa susceptible de seguimento en canto á súa execución.

O artigo 4 modifica o Real decreto 764/2010, do 11 de xuño, polo que se desenvolve a Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados en materia de información estatístico-contable e do negocio, e de competencia profesional. É

necesario proceder a adiantar a data de remisión da documentación estatístico-contable para non diminuír a necesaria información con que debe contar a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións para o exercicio das súas funcións.

A disposición transitoria única deste real decreto regula as obrigacións de adaptación ás súas previsións.

Por último, este real decreto inclúe unha disposición derogatoria única e cinco disposicións derradeiras. A disposición derradeira primeira é a relativa ao título competencial da norma. Pola disposición derradeira segunda modifícanse os artigos 19 e 20 da Orde EHA/407/2008, do 7 de febreiro, pola que se desenvolve a normativa de plans e fondos de pensións en materia financeiro-actuarial, do réxime de investimentos e de procedementos rexistrados. A disposición derradeira terceira autoriza o ministro de Economía e Competitividade para modificar a disposición derradeira anterior. A disposición derradeira cuarta recolle a transposición ao ordenamento xurídico español de determinadas directivas europeas. Finalmente, a disposición derradeira quinta establece a súa entrada en vigor.

Este real decreto dítase facendo uso da autorización contida na disposición derradeira segunda da Lei 26/2006, do 17 de xullo, na disposición derradeira segunda do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro, e na disposición derradeira terceira do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Competitividade, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de agosto de 2014,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Modificación do Regulamento de plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro.*

O Regulamento de plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro, queda modificado como segue:

Un. O ordinal 2.º da alínea a) do artigo 7 queda redactado como segue:

«2.º Cando non sexa posible o acceso dun partícipe á xubilación, a continxencia entenderase producida a partir de que cumpra os 65 anos de idade, no momento en que o partícipe non exerza ou cesase na actividade laboral ou profesional, e non se encontre cotizando para a continxencia de xubilación en ningún réxime da Seguridade Social.»

Dous. O punto 2 do artigo 8 queda redactado como segue:

«2. As especificacións dos plans de pensións tamén poderán prever o pagamento anticipado da prestación correspondente á xubilación en caso de que o partícipe, calquera que sexa a súa idade, extinga a súa relación laboral e pase á situación legal de desemprego nos casos previstos nos artigos 49.1.g), 51, 52, e 57 bis do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.»

Tres. Os puntos 3, 4 e 5 do artigo 10 quedan redactados como segue:

«3. O beneficiario do plan de pensións ou o seu representante legal, conforme o previsto nas especificacións do plan, deberá solicitar a prestación sinalando de ser o caso a forma elixida para o seu cobramento e presentar a documentación acreditativa que proceda segundo o previsto nas especificacións.

Segundo o previsto nas especificacións, a comunicación e acreditación documental poderá presentarse ante as entidades xestora ou depositaria ou

promotora do plan de pensións, ante o comercializador, de ser o caso, ou ante a comisión de control do plan no caso dos plans de emprego e asociados, e o receptor estará obrigado a realizar as actuacións necesarias encamiñadas ao recoñecemento e á efectividade da prestación.

4. O recoñecemento do dereito á prestación deberá ser notificado ao beneficiario mediante escrito asinado pola entidade xestora, dentro do prazo máximo de quince días hábiles desde a presentación da documentación completa correspondente, indicándolle a forma, modalidade e contía da prestación, periodicidade e vencementos, formas de revalorización, posibles reversións e grao de aseguramento ou garantía, informando, de ser o caso, do risco a cargo do beneficiario e demais elementos definitorios da prestación, segundo o previsto nas especificacións ou de acordo coa opción sinalada por aquel.

Se se trata dun capital inmediato, deberá ser aboado ao beneficiario dentro do prazo máximo de sete días hábiles desde que este presentase a documentación correspondente. Non obstante, as especificacións dos plans de emprego e asociados que prevexan o pagamento das prestacións definidas en forma de capital poderán estender ese prazo de pagamento ata un mes como máximo.

5. Nos supostos excepcionais de liquidez previstos no artigo 9 deste regulamento, de acordo co previsto nas especificacións e coas condicións ou limitacións que estas establezan, os dereitos consolidados poderanse facer efectivos mediante un pagamento ou en pagamentos sucesivos mentres se manteñan esas situacións debidamente acreditadas. Os dereitos solicitados deberán ser aboados dentro do prazo máximo de sete días hábiles desde que o partícipe presente a documentación acreditativa correspondente. Non obstante, as especificacións dos plans de emprego e asociados que prevexan o pagamento das prestacións definidas en forma de capital poderán estender ese prazo de pagamento ata un mes como máximo.»

Catro. O punto 2 do artigo 11 queda redactado como segue:

«2. No caso de anticipo da prestación correspondente a xubilación a que se refire o artigo 8.2 deste regulamento, o beneficiario poderá retomar as achegas para calquera continxencia susceptible de acaecer, incluída a xubilación, unha vez que percíbese aquela integramente ou suspendese o cobramento asignando expresamente o remanente a esas continxencias.»

Cinco. A alínea a) do punto 3 do artigo 11 queda redactada como segue:

«a) De non ser posible o acceso á xubilación, esta continxencia entenderase producida a partir de que o interesado faga os 65 anos de idade. O anterior tamén poderá aplicarse cando o réxime de Seguridade Social correspondente prevexa a xubilación por incapacidade e esta se produza antes da idade ordinaria de xubilación.»

Seis. O punto 1 do artigo 17 queda redactado como segue:

«1. A titularidade dos recursos patrimoniais afectos a cada plan corresponderá aos partícipes e beneficiarios.

Os activos que integran o patrimonio do fondo de pensións corresponden colectiva e proporcionalmente a todos os plans adscritos a el e a todos os partícipes e beneficiarios destes, coa excepción do suposto previsto no artigo 65, e os derivados do aseguramento ou garantía do plan ou das súas prestacións, e das obrigacións e responsabilidades contractuais derivadas del. Tamén se exceptúa desta regra xeral a atribución da rendibilidade pactada respecto da amortización do déficit ou dos fondos pendentes de transvasamento en plans de reequilibrio formalizados ao amparo das disposicións transitorias cuarta, quinta e sexta da lei.

Non obstante, o ministro de Economía e Competitividade poderá regular as condicións baixo as cales se poderá efectuar a asignación específica de activos ou

carteiras dun plan de pensións de emprego a diferentes subplans ou colectivos integrados neste.

Sen prexuízo do anterior, o ministro de Economía e Competitividade poderá regular as condicións en que se poderán asignar investimentos do patrimonio do fondo de pensións de emprego co fin de utilizar a súa taxa interna de rendemento como tipo de xuro técnico.

Cada plan de pensións implicará unhas achegas e unhas prestacións, de acordo co sistema e a modalidade en que se inscriba o plan e en función das condicións contractuais previstas neste.

As achegas do promotor aos plans de pensións de emprego terán o carácter de irrevogables.

As achegas a un plan de pensións son irrevogables desde o momento en que resulten exixibles segundo as súas prescricións, con independencia do seu desembolso efectivo.»

Sete. O punto 6 do artigo 21 queda redactado como segue:

«6. As especificacións e base técnica do plan deberán considerar a incidencia da marxe de solvencia, na contía das achegas e/ou prestacións e na determinación dos dereitos consolidados dos partícipes.»

Oito. O punto 1 do artigo 23 queda redactado como segue:

«1. O sistema financeiro e actuarial dos plans de emprego de calquera modalidade e dos plans asociados de prestación definida e mixtos deberá ser revisado, ao menos cada tres anos, co concurso necesario dun actuario independente e, de ser o caso, ademais daqueles outros profesionais independentes que sexan precisos para desenvolver unha análise completa do desenvolvemento actuarial e financeiro do plan de pensións.

Os profesionais que participen na revisión deberán ser necesariamente persoas distintas ao actuario ou expertos que interveñan no desenvolvemento ordinario do plan de pensións, sen que se estenda tal limitación ás persoas ou entidades que realicen funcións de auditoría das contas.»

Nove. Os puntos 5 e 6 do artigo 23 quedan redactados como segue:

«5. O ministro de Economía e Competitividade poderá desenvolver o contido e fixar os criterios que deban ser utilizados nas revisións actuariais e financeiras.

6. As entidades xestoras deberán remitir por medios electrónicos, á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, as revisións actuariais e financeiras dentro dos seis meses seguintes desde a terminación do último exercicio económico revisado».

Dez. O punto 2 do artigo 24 queda redactado como segue:

«2. A liquidación dos plans de pensións axustarase ao disposto nas súas especificacións, que, en todo caso, deberán respectar a garantía individualizada das prestacións causadas e prever a integración dos dereitos consolidados dos partícipes e, de ser o caso, dos dereitos derivados das prestacións causadas que permanezan no plan, noutros plans de pensións, en plans de previsión asegurados ou en plans de previsión social empresarial.

Nos plans do sistema de emprego a integración de dereitos consolidados dos partícipes farase, necesariamente, no plan ou plans do sistema de emprego en que os partícipes poidan ter tal condición ou no plan ou plans de previsión social empresarial en que os partícipes poidan ter a condición de asegurados ou, no seu defecto, en plans do sistema individual ou asociado ou en plans de previsión asegurados.

As especificacións dos plans de emprego poderán prever a posibilidade de que a comisión de control designe un plan de pensións de destino dos dereitos consolidados e/ou económicos no caso de que os partícipes e/ou beneficiarios dun plan de emprego en liquidación non designasen, no prazo previsto para iso nas especificacións, o destino daqueles.

En todo caso, serán requisitos previos para a terminación do plan a garantía individualizada das prestacións causadas e a integración dos dereitos consolidados dos partícipes noutro plan de pensións ou nun plan de previsión asegurado ou nun plan de previsión social empresarial.»

Once. Os puntos 2 e 3 do artigo 27 quedan redactados como segue:

«2. A comisión promotora estará formada e operará de acordo co previsto na sección 2.^a deste capítulo para a comisión de control dun plan de pensións de emprego coas peculiaridades previstas neste artigo. Con carácter xeral deberase garantir a representación paritaria da representación do promotor ben que, en virtude de acordo de negociación colectiva, poderá establecerse unha distribución distinta.

Nos plans de pensións do sistema de emprego poderanse establecer procedementos de designación directa dos membros da comisión promotora por parte da comisión negociadora ou, no seu defecto, por parte da comisión paritaria de interpretación e aplicación do convenio colectivo estatutario ou doutros órganos de composición paritaria previstos nel, ou ben poderá establecerse a designación dos representantes dos empregados por acordo da maioría dos representantes dos traballadores na empresa.

Cando se prevexa a designación directa pola comisión negociadora do convenio ou outro órgano ou comisión paritarios, cada parte designará, respectivamente, os representantes do promotor e os dos traballadores na comisión promotora do plan.

A designación directa dos membros da comisión promotora poderá recaer na totalidade ou parte dos membros da comisión negociadora ou doutro órgano ou comisión paritarios antes citados ou dos referidos representantes de empresas e/ou os traballadores, con independencia de que sexan ou non potenciais partícipes.

No caso dos plans de emprego de promoción conxunta, a designación directa da comisión promotora axustarase ao previsto no artigo 40.

A designación directa dos membros da comisión promotora poderá ser revogada en calquera momento nos termos previstos no artigo 31.2 para a comisión de control.

3. Na falta da designación directa prevista no punto anterior, o promotor instará un proceso electoral para a elección dos representantes do persoal na comisión promotora.

Serán electores e elixibles os empregados do promotor que reúnan as condicións sinaladas nas especificacións do plan para acceder a este como partícipes.

O proceso electoral axustarase ao previsto no artigo 31.3 para a comisión de control do plan.»

Doce. O punto 1 do artigo 30 queda redactado como segue:

«1. A comisión de control do plan de pensións de emprego estará formada por representantes do promotor ou promotores e representantes dos partícipes e, de ser o caso, dos beneficiarios, consonte os seguintes criterios:

a) Con carácter xeral, o número de membros da comisión de control do plan será o fixado nas especificacións, garantíndose a atribución do 50 por cento dos membros e, en todo caso, do conxunto de votos aos representantes designados polo promotor ou promotores fronte á representación dos partícipes e beneficiarios.

Non obstante, en virtude de acordo de negociación colectiva, poderase establecer unha distribución de representantes distinta da prevista con carácter xeral no parágrafo anterior, sen prexuízo da necesaria aplicación do previsto no artigo 32, e deberá garantirse a representación do promotor e dos partícipes.

b) As especificacións sinalarán o número e a distribución dos respectivos representantes dos partícipes e dos beneficiarios. Non obstante, os representantes dos partícipes poderán desempeñar a representación dos beneficiarios do plan de pensións se así se establece no plan con carácter xeral, ou mentres o colectivo de beneficiarios non alcance o número, a porcentaxe ou as condicións exixidas polas especificacións do plan, de ser o caso, para ter unha representación específica.

O previsto neste punto enténdese sen prexuízo da aplicación, de ser o caso, do disposto no artigo 31.2.b).

Os plans de pensións do sistema de emprego poderán prever a representación específica na comisión de control dos partícipes e, de ser o caso, dos beneficiarios de cada un ou dalgún ou dalgúns dos subplans que se definan dentro do mesmo plan.

Cando no desenvolvemento do plan este quede sen partícipes, a representación atribuída a eles corresponderá aos beneficiarios.»

Trece. Os puntos 2 e 3 do artigo 31 quedan redactados como segue:

«2. Nos plans de pensións do sistema de emprego poderán establecerse procedementos de designación directa dos membros da comisión de control nos seguintes termos:

a) As especificacións poderán prever que a comisión negociadora ou, no seu defecto, a comisión paritaria de interpretación e aplicación do convenio colectivo estatutario ou outros órganos de composición paritaria regulados nel poidan designar os membros da comisión de control ou ben establecer procedementos de designación directa deses membros.

Igualmente, as especificacións dos plans de pensións do sistema de emprego poderán prever a designación directa dos representantes dos partícipes e, de ser o caso, dos partícipes que cesaron a relación laboral e dos beneficiarios, por acordo da maioría dos representantes dos traballadores na empresa.

A designación dos membros da comisión de control poderá coincidir con todos ou parte dos compoñentes da comisión negociadora ou da comisión paritaria de interpretación e aplicación do convenio ou órgano paritario ou representantes dos traballadores a que se refiren os parágrafos anteriores, con independencia de que sexan ou non partícipes ou beneficiarios.

b) Cando a suma de partícipes que cesasen a relación laboral co promotor e de beneficiarios supere o 20 por cento do colectivo total do plan, deberase designar polo menos un membro da comisión de control que proceda de entre eles.

Cando o número de partícipes que cesasen a relación laboral co promotor e de beneficiarios supere o 20 por cento do colectivo total do plan, deberase efectuar un proceso electoral se así o solicitan ao menos un terzo deles, que deberá ter lugar no prazo previsto nas especificacións para tal efecto. Neste caso, as especificacións do plan poderán optar por ordenar a celebración dun proceso electoral para a elección de todos os representantes de partícipes e beneficiarios na comisión de control, sen que sexa obrigatoria a representación específica establecida no parágrafo anterior.

c) As designacións directas dos membros da comisión de control poderán ser revogadas en calquera momento polas partes respectivas, que designarán os substitutos.

3. Na falta de designación directa prevista no punto anterior, a elección dos representantes dos partícipes e beneficiarios realizarase mediante proceso electoral conforme os seguintes criterios:

a) Serán electores e elixibles todos os partícipes do plan, incluídos os partícipes que cesasen a relación laboral co promotor, con independencia de que realicen ou non achegas, así como todos os beneficiarios que manteñan dereitos económicos no plan.

No caso de menores de idade ou incapacitados xudicialmente, a condición de electores e elixibles exercerana os seus representantes legais.

Se as especificacións do plan prevén representacións específicas na comisión de control de distintos colectivos ou subplans, formaranse os respectivos colexios electorais dos integrantes de cada colectivo ou subplan para a elección dos seus representantes específicos. En caso de que non se prevexan representacións específicas formarase un único colexio electoral para a elección do conxunto de representantes.

Os sindicatos de traballadores legalmente constituídos terán dereito a presentar candidatos partícipes e, de ser o caso, candidatos beneficiarios.

As candidaturas deberán estar avaladas por sindicatos ou pola sinatura dunha porcentaxe dun 10 por cento de integrantes do correspondente colexio electoral.

b) Para o desenvolvemento das eleccións formarase a correspondente xunta ou mesa electoral e facilitarase ou porase á disposición dos electores a información necesaria sobre a convocatoria, o calendario, a presentación e a proclamación de candidaturas e condicións do proceso.

A entidade xestora facilitará a información referida no parágrafo anterior aos partícipes que cesasen a relación laboral co promotor e beneficiarios ou indicarlles o lugar ou medio onde estará dispoñible esa información. En todo caso, deberállela entregar a aqueles que o soliciten expresamente. Esta obrigaón poderá ser asumida polo promotor do plan.

Co fin de conseguir sinaturas para avalar candidaturas, os electores do respectivo colexio serán informados sobre estas nos termos establecidos nos parágrafos anteriores, salvagardando as garantías establecidas na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

c) O sistema de voto para a elección de representantes dos partícipes e beneficiarios na comisión de control do plan axustarase ao previsto nas especificacións.

O voto será libre, persoal, directo e secreto. Nas especificacións poderanse establecer diferentes sistemas ou mecanismos de emisión do voto, incluído o voto por correo.

Nos procesos de elección dos membros da comisión de control do plan, en ningún caso se poderá ponderar o voto polos dereitos económicos atribuíbles a cada elector ou aos seus colexios ou colectivos.

d) No suposto de sistema electoral regulado neste punto, o promotor poderá designar e revogar os seus representantes na comisión de control en calquera momento, mediante comunicación dirixida á comisión de control.

e) O previsto neste punto será igualmente aplicable aos procesos electorais previstos no punto 2.b) a letra b) do punto 2 deste artigo.»

Catorce. Os puntos 1 e 2 do artigo 32 quedan redactados como segue:

«1. A comisión de control do plan reunirse ao menos unha vez en cada exercicio, e de cada sesión redactarase a acta correspondente, que deberá ser asinada polo presidente e polo secretario da comisión de control, da cal se remitirá copia á entidade xestora. A comisión de control deberá elaborar e custodiar esas actas, que se deberán manter á disposición da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

As decisións da comisión de control do plan adoptaranse de acordo coas maiorías estipuladas nas especificacións do plan, e resultará admisible que esas especificacións prevexan maiorías cualificadas. Cada membro da comisión de control terá un voto, que se poderá delegar noutro membro da comisión.

2. Cando o plan de pensións sexa de achega definida para a continxencia de xubilación, as decisións que afecten a política de investimento do fondo de pensións incluírán, ao menos, o voto favorable da metade dos representantes dos partícipes na comisión de control.

Para os efectos do previsto no parágrafo anterior, os membros da comisión de control que, de ser o caso, representen conxuntamente colectivos integrados por partícipes e beneficiarios, computaranse como representantes de partícipes.

Necesariamente considéranse decisións que afectan a política de investimento os acordos que, de ser o caso, corresponda adoptar á comisión de control do plan relativos:

- a) Á elección e cambio de fondo de pensións.
- b) Á delegación na entidade xestora de funcións e facultades relativas aos dereitos derivados dos investimentos, así como a contratación da xestión e/ou depósito de activos con terceiras entidades.
- c) Ao exercicio de dereitos inherentes aos títulos e demais activos.
- d) Á selección, adquisición, disposición, realización ou garantía de activos.
- e) Á canalización de recursos do plan a outro fondo ou adscrición do plan a varios fondos.

O disposto neste punto será igualmente aplicable respecto dos subplans de achega definida para a continxencia de xubilación que, conforme o previsto no artigo 66, se instrumenten en fondos de pensións distintos dos que instrumenten outros subplans.»

Quince. Os puntos 1 e 2 do artigo 33 quedan redactados como segue:

«1. A modificación das especificacións dos plans de pensións do sistema de emprego poderase realizar mediante os procedementos e acordos previstos nelas. O acordo de modificación poderá ser adoptado pola comisión de control do plan co réxime de maiorías establecido nas especificacións.

Non obstante, nos plans de pensións do sistema de emprego as especificacións poderán prever que a modificación do réxime de prestacións e achegas ou calquera outro aspecto e, de ser o caso, a conseguinte adaptación da base técnica poida ser acordada, conforme o previsto neste regulamento, mediante acordo entre a empresa e os representantes dos traballadores. Neste caso, a comisión de control deberá incorporar de forma inmediata ás especificacións e/ou á base técnica as modificacións acordadas.

2. O sistema financeiro e actuarial dos plans deberá ser revisado ao menos cada tres anos por un actuario independente designado pola comisión de control, conforme o establecido no artigo 23.

Se así o prevén as especificacións dos plans de pensións, todas ou parte das comisións de control dos plans de emprego integrados nun fondo de pensións de emprego poderán designar un actuario revisor para que realice de forma conxunta a revisión dos plans de pensións, sempre que os referidos plans sexan da modalidade de achega definida para xubilación. Neste suposto a revisión dos aspectos actuariais deberase individualizar para cada un dos plans de pensións, sen prexuízo de que a revisión da parte financeira sexa común e se leve a cabo a nivel de fondo de pensións.

Se, como resultado da revisión, se formula a necesidade ou conveniencia de introducir variacións nas achegas e contribucións, nas prestacións previstas, ou noutros aspectos con incidencia no desenvolvemento financeiro-actuarial, someterase á comisión de control do plan para que propoña ou acorde o que coide procedente, de conformidade co previsto nas especificacións do plan.

De ser o caso, para os efectos do previsto no artigo 6.1.c) sobre as achegas excepcionais da empresa cando sexan precisas para garantir as prestacións en curso ou os dereitos dos partícipes de plans que inclúan réximes de prestación

definida para a xubilación, deberase determinar expresa e separadamente o déficit correspondente ás pensións xa causadas dos beneficiarios existentes na data da referida revisión ou ditame actuarial. En ningún caso se computará para estes efectos o déficit xerado como consecuencia da existencia de límites de achega a plans de pensións.»

Dezaseis. Os puntos 3 e 4 do artigo 35 quedan redactados como segue:

«3. Os dereitos consolidados dos partícipes nos plans de pensións do sistema de emprego non se poderán mobilizar a outros plans de pensións ou a plans de previsión asegurados ou a plans de previsión social empresarial, salvo no suposto de extinción da relación laboral e só se está previsto nas especificacións do plan, ou por terminación do plan de pensións.

Para a mobilización, o partícipe deberá dirixirse á entidade xestora ou aseguradora de destino, para iniciar o seu traspaso.

Para tal fin, o partícipe deberá presentar a solicitude de mobilización, que deberá incluír a identificación do plan e fondo de pensións de orixe desde o cal se realizará a mobilización, así como, de ser o caso, o importe que se pretende mobilizar e unha autorización do partícipe á entidade xestora ou aseguradora de destino para que, no seu nome, poida solicitar á xestora do fondo de orixe a mobilización dos dereitos consolidados, así como toda a información financeira e fiscal necesaria para realizalo.

A solicitude deberase realizar mediante escrito asinado polo partícipe ou calquera outro medio do que quede constancia para aquel e o receptor do seu contido e presentación.

No prazo máximo de dous días hábiles desde que a entidade aseguradora ou entidade xestora de destino dispoña da totalidade da documentación necesaria, esta deberá, ademais de comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos regulamentariamente para a mobilización de tales dereitos, solicitar á xestora do fondo de orixe o traspaso dos dereitos, con indicación, ao menos, do plan e fondo de pensións de destino, o depositario deste e os datos da conta do fondo de pensións de destino á cal se debe efectuar a transferencia ou, no caso de mobilización a un plan de previsión asegurado ou a un plan de previsión social empresarial, con indicación, ao menos, do plan de previsión asegurado ou plan de previsión social empresarial, entidade aseguradora de destino e os datos da conta de destino á cal se debe efectuar a transferencia.

Nun prazo máximo de 20 días hábiles contado desde a recepción por parte da entidade xestora de orixe da comunicación da solicitude, esta entidade deberá ordenar a transferencia bancaria e remitir á xestora ou aseguradora de destino toda a información relevante do partícipe, a quen comunicará o contido desa información. Non obstante, as especificacións dos plans de emprego nos cales a xubilación opere baixo a modalidade de prestación definida poderán estender ese prazo ata un máximo de 30 días hábiles cando así se xustifique por razóns da necesaria intervención de terceiras persoas ou entidades na cuantificación do dereito consolidado.

A entidade xestora ou aseguradora de destino conservará a documentación derivada das mobilizacións á disposición da entidade xestora de orixe, das entidades depositarias dos fondos de orixe e de destino, así como á disposición das autoridades competentes.

Nos procedementos de mobilizacións regulados neste artigo autorízase que a transmisión da solicitude de traspaso, a transferencia de efectivo e a transmisión da información entre as entidades intervenientes se poidan realizar a través do Sistema nacional de compensación electrónica, mediante as operacións que, para estes supostos, se habiliten en tal sistema.

Non se poderán mobilizar os dereitos consolidados cando, para instrumentar compromisos por pensións do promotor referidos a partícipes que extinguisen a

súa relación laboral con aquel, as especificacións prevexan a continuidade das achegas do promotor ao seu favor e, de ser o caso, as do partícipe que tivesen carácter obrigatorio.

Se as especificacións o prevén, o partícipe que extinguiuse ou suspendese a súa relación laboral co promotor poderá realizar achegas voluntarias ao plan de pensións, sempre e cando non mobilizase os seus dereitos consolidados.

4. Para a determinación do dereito consolidado ao producirse a extinción ou suspensión da relación laboral, a provisión matemática ou fondo de capitalización mínimo garantido correspondente ao partícipe calcularase conforme o mesmo sistema financeiro-actuarial, método e hipótese que lle serían aplicables como empregado en activo.

Sen prexuízo do anterior, en caso de extinción ou suspensión da relación laboral, as especificacións poderán prever a non inclusión no dereito consolidado da parte da marxe de solvencia do plan correspondente ao partícipe. Así mesmo, as especificacións poderán prever os axustes que se coiden pertinentes no valor do dereito consolidado, en atención á conta de posición do plan de pensións.

O establecido nos parágrafos anteriores será aplicable tanto para efectos de mobilización do dereito consolidado como en caso de permanencia do interesado no plan.

Sen prexuízo do establecido nos parágrafos anteriores, non será admisible a aplicación de penalizacións por mobilización do dereito consolidado salvo, de ser o caso, as derivadas da rescisión parcial dos contratos con entidades de seguros ou financeiras referidos a riscos ou prestacións e en relación co valor de realización dos investimentos afectos. Nestes supostos as especificacións do plan de pensións deberán prever a posibilidade de permanencia do partícipe no contrato concertado e no plan de pensións para evitar esas penalizacións. En todo caso, os contratos deberán detallar as condicións de valoración e cálculo empregadas para determinar o dereito consolidado.»

Dezasete. O punto 2 do artigo 36 queda redactado como segue:

«2. No caso de que as entidades resultantes da escisión da entidade promotora dun plan de emprego se subroguen nas obrigacións desta última cos colectivos de partícipes e, de ser o caso, de beneficiarios do plan, esas entidades pasarán a ser promotoras do plan e deberanse adaptar as especificacións deste ás condicións de funcionamento dos plans de promoción conxunta dentro do prazo de 12 meses desde a data de efectos da subrogación.

Non obstante, as empresas resultantes nas cales se acordase a segregación do seu colectivo do plan inicial poderán promover novos plans de emprego ou, de ser o caso, contratar como tomadores novos plans de previsión social empresarial, aos cales se transferirán os dereitos consolidados do seu colectivo de empregados partícipes e, de ser o caso, os dereitos económicos dos beneficiarios.

Cando a promoción dos novos plans implique un cambio de fondo de pensións ou a contratación de novos plans de previsión social empresarial, efectuarase o traslado dos dereitos dos partícipes e beneficiarios afectados no prazo dun mes desde que se acredite ante a xestora do fondo de pensións de orixe a formalización dos novos instrumentos, prazo que a comisión de control do fondo poderá estender ata tres meses se o saldo é superior ao 10 por cento da conta de posición do plan. Este traslado non dará lugar a ningún desconto ou penalización sobre os dereitos económicos dos partícipes e beneficiarios afectados.»

Dezaioito. A alínea a) do artigo 40 queda redactada como segue:

«a) Mediante acordo colectivo estatutario de ámbito supraempresarial poderá establecerse o proxecto inicial dun plan de pensións do sistema de emprego de promoción conxunta para as empresas incluídas no seu ámbito. A comisión promotora poderá ser designada directamente pola comisión negociadora do

convenio ou, no seu defecto, pola comisión paritaria para a interpretación e aplicación do convenio ou outros órganos paritarios regulados nel ou pola representación das empresas e dos traballadores no referido ámbito. A designación poderá recaer en tales representantes ou compoñentes das citadas comisións ou órganos paritarios.

O proxecto incluírá ao menos as especificacións e, de ser o caso, a base técnica, xerais. O plan de pensións promovido no ámbito supraempresarial poderá formalizarse mediante a súa admisión no fondo de pensións, sen prexuízo da posterior adhesión das empresas mediante a subscripción dos correspondentes anexos.»

Dezanove. Os puntos 1, 2 e 3 do artigo 41 quedan redactados como segue:

«1. A composición e o funcionamento das comisións de control dos plans de emprego de promoción conxunta axustaranse ao previsto na sección 2.^a deste capítulo para a comisión de control dun plan de emprego, coas particularidades que se sinalan neste artigo.

A comisión de control do plan estará formada por representantes dos promotores, dos partícipes e, de ser o caso, dos beneficiarios.

2. Nos plans de emprego de promoción conxunta poderán establecerse sistemas de representación conxunta ou agregada na comisión de control dos colectivos de promotores, partícipes e, de ser o caso, beneficiarios, respectivamente:

a) Representación conxunta.

Neste sistema, a comisión de control estará formada por representantes que representen conxuntamente o colectivo de promotores, o de partícipes e, de ser o caso, o de beneficiarios do plan, respectivamente, sen diferenciar especificamente por empresas.

As especificacións poderán atribuír a representación dos beneficiarios aos representantes dos partícipes, sen prexuízo do previsto no punto 3 deste artigo.

Neste sistema, a incorporación dunha nova empresa ao plan non alterará necesariamente a composición da súa comisión de control ata a súa próxima renovación.

b) Representación agregada.

Neste sistema, a comisión de control estará formada con representantes específicos dos elementos persoais de cada empresa, isto é, de cada promotor, dos seus partícipes e dos seus beneficiarios.

A representación dos beneficiarios poderá atribuírse aos representantes dos partícipes, sen prexuízo do previsto no punto 3 deste artigo.

No sistema de representación agregada, se as especificacións o prevén, o número total de representantes na comisión de control dos elementos persoais do plan de pensións correspondentes a cada empresa, de ser o caso, poderá asignarse en atención ao número de partícipes e beneficiarios correspondentes a esta. En ningún caso será admisible a atribución de representacións en función do interese económico de cada promotor ou colectivo.

A incorporación ao plan dunha nova empresa suporá a incorporación á comisión de control de representantes dos seus elementos persoais, que deberán ser designados ou elixidos no prazo previsto nas especificacións, que non poderá ser superior a 12 meses desde o acordo de admisión.

3. Nos plans de pensións de emprego de promoción conxunta poderán establecerse procedementos de designación directa das comisións de control do plan conforme o previsto neste punto.

Nos plans de pensións de emprego de promoción conxunta, constituídos en virtude de acordos de negociación colectiva estatutaria de ámbito supraempresarial, poderase prever que a comisión negociadora ou, no seu defecto, a comisión paritaria de interpretación e aplicación do convenio colectivo estatutario ou outros órganos de composición paritaria regulados nel poidan designar os membros da comisión de control, ou ben prever a designación directa de tales membros por parte da representación de empresas e de traballadores no dito ámbito.

Así mesmo, no sistema de representación agregada poderase prever a designación directa dos representantes de partícipes e beneficiarios de cada empresa promotora por acordo da maioría dos representantes dos traballadores nesta ou pola comisión negociadora do convenio colectivo estatutario ou outros órganos ou comisións de composición paritaria regulados nel.

A designación dos representantes na comisión de control poderá coincidir con todos ou parte dos compoñentes da comisión negociadora ou órgano paritario ou representantes das partes referidas, mesmo cando non fosen partícipes ou beneficiarios do plan de pensións.

Para a designación directa e a súa revogación será aplicable o disposto no artigo 31.2.

Nos sistemas de representación conxunta con designación directa, cando a suma de partícipes que cesasen a relación laboral cos promotores e de beneficiarios supere o 20 por cento do colectivo total do plan, deberase designar ao menos un membro da comisión de control que proceda de entre eles.

Así mesmo, cando o número de partícipes que cesasen a relación laboral cos promotores e de beneficiarios supere o 20 por cento do colectivo total do plan, deberase efectuar un proceso electoral, se así o solicitan ao menos un terzo deles, e celebrarse no prazo previsto nas especificacións para tal efecto. Neste caso, as especificacións do plan poderán optar por ordenar a celebración dun proceso electoral para a elección de todos os representantes de partícipes e beneficiarios na comisión de control, sen que sexa obrigatoria a representación específica establecida no parágrafo anterior.

Nos sistemas de representación agregada con designación directa, o previsto nos dous parágrafos anteriores aplicarase á representación específica de cada empresa promotora computando para tal efecto o seu colectivo.»

Vinte. O artigo 44 queda redactado como segue:

«Artigo 44. *Terminación dos plans de emprego de promoción conxunta e baixa de entidades promotoras.*

1. Os plans de pensións de emprego de promoción conxunta terminarán polas causas establecidas no texto refundido da lei e neste regulamento para calquera plan de pensións, e será de aplicación o previsto neste regulamento sobre liquidación de plans de pensións e terminación administrativa.

A liquidación axustarase ao previsto nas especificacións, que, en todo caso, deberán respectar a garantía das prestacións causadas. Os dereitos consolidados dos partícipes integraranse necesariamente nos plans de emprego nos cales poidan ter tal condición ou no plan ou plans de previsión social empresarial en que os partícipes teñan a condición de asegurados.

No seu defecto, procederase ao traslado de dereitos consolidados dos partícipes aos plans de pensións ou aos plans de previsión asegurados que aqueles designen. As especificacións dos plans de emprego poderán prever a posibilidade de que a comisión de control designe un plan de pensións de destino dos dereitos consolidados e/ou económicos no caso de que os partícipes e/ou beneficiarios dun plan de emprego de promoción conxunta en liquidación non designasen, no prazo previsto para iso en especificacións, o destino daqueles.

2. Cando algunha das causas de terminación dun plan de pensións establecidas neste regulamento afecte exclusivamente unha das entidades promotoras do plan e o seu colectivo, a comisión de control do plan acordará a baixa da entidade promotora no plan de emprego de promoción conxunta no prazo de dous meses desde que se poña de manifesto a dita causa.

A baixa dunha entidade promotora dará lugar ao traslado dos dereitos consolidados dos seus partícipes e, de ser o caso, dos seus beneficiarios a outros plans de pensións ou a plans de previsión asegurados ou a plans de previsión social empresarial.

Os dereitos consolidados dos partícipes integraranse, de ser o caso, necesariamente nos plans de emprego onde poidan ter tal condición ou en plans de previsión social empresarial nos cales os partícipes poidan ter a condición de asegurados. No seu defecto, trasladaranse aos plans de pensións ou aos plans de previsión asegurados que aqueles designen e poderán optar, se así o prevén nas especificacións, pola súa permanencia como partícipes en suspenso no plan de promoción conxunta. As especificacións dos plans de promoción conxunta poderán prever a posibilidade de que a comisión de control designe un plan de pensións de destino dos dereitos consolidados e/ou económicos no caso de que os partícipes e/ou beneficiarios afectados pola baixa dun promotor do plan de promoción conxunta non designasen, no prazo previsto para iso en especificacións, o destino daqueles.»

Vinte e un. O artigo 48 queda redactado como segue:

«Artigo 48. *Adhesión e información a partícipes e beneficiarios de plans de pensións individuais.*

1. A entidade xestora deberá elaborar e publicar un documento cos datos fundamentais para o partícipe para cada un dos plans de pensións individuais que estean abertos á comercialización, que facilitará aos comercializadores, coa finalidade de que os potenciais partícipes coñezan as principais características e riscos que comportan estes produtos. Terán a consideración de datos fundamentais, ao menos, os seguintes:

- a) Definición deste produto de aforro previsión.
- b) Denominación do plan de pensións e número identificativo no rexistro especial.
- c) Denominación do fondo de pensións e número identificativo no rexistro especial.
- d) Denominación do promotor do plan, así como das entidades xestora e depositaria e o seu número identificativo nos rexistros especiais correspondentes.
- e) Descrición da política de investimento.
- f) Nivel de risco do plan de pensións.
- g) Rendibilidades históricas.
- h) Ausencia de garantía de rendibilidade e referencia, de ser o caso, de garantía financeira externa. Advertencia sobre a posibilidade de incorrer en perdas.
- i) Comisións e gastos.
- j) Carácter non reembolsable dos dereitos consolidados mentres non se produzan as circunstancias que permiten o cobramento. Para tal efecto, incluírase o seguinte:

1.º Definición das continxencias cubertas, con especial referencia ás persoas sen posibilidade de acceso á xubilación en ningún réxime da Seguridade Social. De ser o caso, posibilidade de continuar realizando achegas tras o acaecemento das continxencias de xubilación, incapacidade e dependencia.

2.º Referencia, de ser o caso, aos supostos excepcionais de liquidez.

k) Formas de cobramento e procedemento para a solicitude das prestacións por parte do beneficiario, con especial referencia á data de valoración dos dereitos

consolidados e, de ser o caso, posibilidade de aseguramento das prestacións con identificación da denominación e domicilio da entidade aseguradora.

l) Lexislación aplicable, réxime fiscal e límites de achegas.

m) Mobilidade dos dereitos consolidados e indicacións sobre o cálculo do dereito consolidado, condicións, procedementos e prazos para a mobilización de dereitos consolidados ou económicos, indicando a data de valoración dos dereitos para estes efectos.

n) Referencia ao sitio web en que está publicado o documento cos datos fundamentais para o partícipe.

Este documento deberase redactar de forma obxectiva, clara, precisa e en termos inequívocos, de modo que resulte de fácil comprensión por calquera potencial partícipe.

A entidade xestora publicará no seu sitio web ou no do seu grupo os documentos cos datos fundamentais para o partícipe, cuxo contido deberá estar actualizado. A información relativa á rendibilidade axustarase ao disposto no último informe trimestral publicado.

O ministro de Economía e Competitividade poderá regular o contido e formato do documento cos datos fundamentais para o partícipe, así como establecer modelos normalizados co obxecto de permitir a comparación entre plans de pensións.

2. Con carácter previo á contratación, o comercializador deberá subministrar información sobre os plans de pensións e sobre a adecuación destes ás características e necesidades dos partícipes.

Para tal fin, o comercializador entregará ao potencial partícipe os documentos cos datos fundamentais para o partícipe dos plans de pensións enumerados no punto 1.

A contratación do plan de pensións individual formalizarase mediante a subscripción do boletín ou documento de adhesión regulado no artigo 101 deste regulamento, do cal se entregará copia ao partícipe.

Con motivo da adhesión farase entrega ao partícipe que o solicite dun certificado de pertenza ao plan e da achega inicial realizada, de ser o caso.

Así mesmo, entregaráselle un exemplar das especificacións do plan, así como da declaración dos principios da política de investimento do fondo de pensións a que se refire o artigo 69.4 deste regulamento, ou ben indicárselle o lugar e a forma en que estarán á súa disposición.

En todo caso, facilitaráselles aos partícipes a información a que se refire o artigo 5.1 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

3. A entrega dos documentos a que se fai referencia no punto anterior realizarase gratuitamente en papel ou noutro soporte duradeiro, sempre que o potencial partícipe optase expresamente por este último.

Entenderase, para estes efectos, por soporte duradeiro todo instrumento que permita ao partícipe almacenar a información, de modo que poida recuperala facilmente durante un tempo adecuado para os fins aos cales a información estea destinada e que permita a reprodución sen cambios.

4. Con periodicidade anual, a entidade xestora do fondo de pensións remitirá a cada partícipe dos plans individuais unha certificación sobre as achegas realizadas en cada ano natural e o valor, ao final do ano natural, dos seus dereitos consolidados.

A certificación a que se refire este punto deberá conter un resumo sobre a determinación das contingencias cubertas, o destino das achegas e as regras de incompatibilidade sobre aquelas.

De ser o caso, a certificación indicará a contía dos excesos de achega advertidos e o deber de comunicar o medio para o aboamento da devolución.

5. Producida e comunicada a continxencia, o beneficiario do plan de pensións individual deberá recibir información apropiada sobre a prestación e as súas posibles reversións, sobre as opcións de cobramento correspondentes, de ser o caso, e respecto do grao de garantía ou do risco de conta do beneficiario.

De ser o caso, faráselle entrega ao beneficiario do certificado de seguro ou garantía, emitido pola entidade correspondente. Este certificado deberá informar sobre a existencia, de ser o caso, do dereito de mobilización ou anticipo da prestación e os gastos e penalizacións que en tales casos poidan resultar aplicables.

6. Con periodicidade semestral, as entidades xestoras deberán remitir aos partícipes e beneficiarios dos plans de pensións individuais información sobre a evolución e situación dos seus dereitos económicos no plan, así como aspectos que poidan afectalos, especialmente modificacións normativas, das normas de funcionamento do fondo de pensións.

Naqueles casos en que exista unha garantía financeira externa do artigo 77 deste regulamento, informarse da data de vencemento da garantía e do importe garantido nesa data, advertíndose que en caso de mobilización ou cobramento antes do vencemento non opera a garantía.

A información semestral conterá un estado resumo da evolución e situación dos activos do fondo, os custos e a rendibilidade obtida, e informará, de ser o caso, sobre a contratación da xestión con terceiras entidades.

A información que se subministre en materia de rendibilidade referirase á obtida polo plan de pensións no último exercicio económico, a rendibilidade acumulada no exercicio ata a data a que se refire a información e a rendibilidade media anual dos tres, cinco, dez, quince e vinte últimos exercicios.

Así mesmo, deberase pór á disposición de partícipes e beneficiarios, nos termos establecidos nas especificacións do plan de pensións, a totalidade dos gastos do fondo de pensións, na parte que sexan imputables ao plan, expresados en porcentaxe sobre a conta de posición.

Conforme a normativa financeira e contable e os criterios e prácticas de mercado, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá definir o método de cálculo da rendibilidade, así como determinar o grao de desagregación das diferentes partidas de gastos do fondo de pensións imputables a cada plan.

O ministro de Economía e Competitividade poderá desenvolver o contido e formato a que se deberá axustar a información semestral a que se refire este punto.

7. Ademais das obrigacións establecidas nos puntos anteriores, as entidades xestoras deberán pór á disposición dos partícipes e beneficiarios dos plans de pensións individuais e publicar no seu sitio web ou no do seu grupo un informe trimestral que, ademais da información prevista no punto anterior, conteña a rendibilidade acumulada no exercicio ata a data a que se refire a información e a correspondente ao trimestre de que se trate.

En todo caso, as entidades xestoras remitirán esa información periódica de carácter trimestral aos partícipes e beneficiarios que expresamente a soliciten.

Adicionalmente, a entidade xestora elaborará unha relación detallada de todos os investimentos de cada fondo xestionado ao peche de cada trimestre, que porá á disposición de partícipes e beneficiarios. Esta información entregáraselles a aqueles partícipes e beneficiarios que expresamente o soliciten.

A solicitude de remisión da información a que se refiren os dous parágrafos anteriores deberase facer mediante escrito separado e asinado ou por calquera outro medio do que quede constancia da súa presentación.

8. A remisión, publicación ou posta á disposición da información a que se refiren os dous puntos anteriores realizarase no mes seguinte á finalización do período de referencia. Así mesmo, cando o partícipe ou beneficiario o solicite expresamente, mediante escrito debidamente asinado ou por calquera outro medio do que quede constancia, esa información remitirase por medios telemáticos. Para tal fin, o partícipe ou beneficiario deberá indicar un enderezo electrónico para a

remisión da información periódica, desde o cal poderá, así mesmo, comunicar a súa renuncia á utilización da vía telemática, ao enderezo electrónico facilitado pola entidade xestora a través da súa web ou na do seu grupo, de conformidade coa Lei 56/2007, do 28 de decembro, de medidas de impulso da sociedade da información.

Todas as comunicacións telemáticas se rexerán polo disposto na Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico.

9. As especificacións dos plans de pensións do sistema individual poderán modificarse por acordo do promotor, logo de comunicación por este ou pola entidade xestora ou depositaria correspondente, con ao menos un mes de antelación á data de efectos, aos partícipes e beneficiarios.

As modificacións da política de investimento do fondo en que se integre o plan e das comisións de xestión e depósito aplicadas, así como os acordos de substitución de xestora ou depositaria do fondo de pensións e os cambios das ditas entidades por fusión ou escisión, deberán notificarse aos partícipes e beneficiarios con, polo menos, un mes de antelación á data de efectos.»

Vinte e dous. Engádesse un novo artigo 48 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 48 bis. *Actividade de comercialización de plans de pensións individuais.*

1. A actividade de comercialización dos plans de pensións do sistema individual poderá ser realizada polas persoas e entidades autorizadas para operar en España, enumeradas no artigo 26 bis do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións.

A entidade ou persoa física comercializadora de plans de pensións individuais deberá contar cun regulamento de conduta ou documento análogo sobre política de comercialización, tendo en conta o disposto no artigo 85 bis deste regulamento, ou adherirse ao da entidade xestora.

2. O acordo de comercialización, suscrito polo comercializador coa entidade xestora, regulará, ao menos, os seguintes aspectos:

- a) Competencias e obrigacións do comercializador, incluídas as de formación do seu persoal e, de ser o caso, as relativas á realización de accións publicitarias.
- b) Medios e redes de distribución.
- c) Canles de intercambio de información coa entidade xestora.
- d) Persoas ou entidades que van efectuar a actividade por conta do comercializador.
- e) Procedementos que permitan comprobar o cumprimento polo comercializador das obrigacións derivadas do acordo e da normativa vixente.
- f) Remuneración que percibirá o comercializador.
- g) Duración do contrato.

As entidades xestoras de fondos de pensións deberán comunicar á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións a celebración dos acordos de comercialización de plans de pensións individuais.

Para os efectos desta comunicación, o ministro de Economía e Competitividade poderá desenvolver os modelos e prazos para a subministración desta información.

3. Tanto no momento da formalización do acordo de comercialización como durante a súa vixencia, a entidade xestora do fondo de pensións velará para que as actuacións das persoas ou entidades comercializadoras se axusten ao establecido nese acordo e na lexislación vixente. Para tal efecto, nos procedementos previstos no contrato de comercialización teranse en conta, entre outros, os seguintes aspectos:

- a) A entidade xestora poderá requirir do comercializador toda aquela información que resulte necesaria para comprobar que este cumpre as obrigacións derivadas do acordo de comercialización e as establecidas na normativa vixente.

b) O comercializador comunicará á entidade xestora calquera feito que poida afectar de forma substancial o desempeño eficaz e conforme a normativa aplicable das súas funcións como comercializador.

c) A entidade xestora comunicará inmediatamente á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións calquera circunstancia en relación coa actividade desenvolvida polo comercializador que poida ser constitutiva de infracción administrativa de carácter grave ou moi grave, ou de carácter leve se non se corríxise.

d) No caso de que exista un incumprimento por parte do comercializador das obrigacións derivadas do contrato e da normativa vixente, a entidade xestora, no momento en que teña coñecemento deste feito, poderá dar por terminado o acordo, sempre que o comercializador non tome as medidas necesarias para o seu cumprimento.

4. En caso de rescisión do acordo de comercialización, a entidade xestora garantirá a continuidade e calidade na prestación do servizo aos partícipes e beneficiarios.

5. Nos supostos de desenvolvemento de campañas de comercialización que impliquen a concesión de regalos ou bonificacións, o comercializador e o partícipe deberán asinar un documento onde consten as condicións da súa concesión. Esas condicións deberán estar redactadas de forma clara e comprensible.

Naqueles casos en que a obtención e o mantemento da bonificación estean supeditados a un compromiso de permanencia, este deberá estar redactado de forma clara e destacada de modo especial no documento.

6. O comercializador deberá tramitar as solicitudes de achegas, de mobilización de dereitos consolidados, de cobramento de prestacións e reembolso de dereitos consolidados nos supostos excepcionais de liquidez que reciba dos partícipes e beneficiarios con posterioridade á contratación en que interveña.

Tales solicitudes deberanse realizar mediante escrito asinado polo partícipe, ou por calquera outro medio do que quede constancia para aquel e o receptor da súa presentación, indicándose a documentación que foi presentada por aquel e a que deberá ser achegada para completar a súa solicitude. A presentación de calquera documentación adicional considerarase parte da solicitude inicial e deberá quedar constancia da súa recepción.

Para os efectos do cumprimento dos prazos regulamentariamente establecidos, entenderase por data de solicitude aquela na cal se completase a totalidade da documentación correspondente.

A presentación das citadas solicitudes e documentos acreditativos necesarios ante o comercializador entenderase realizada na entidade xestora.

Non obstante o disposto nos parágrafos precedentes, as entidades xestoras serán responsables dos atrasos que se produzan en exceso dos prazos previstos para tramitar e facer efectivas as solicitudes dos partícipes e beneficiarios, sen prexuízo da posibilidade de repetir contra quen causase o atraso.

7. As persoas ou entidades comercializadoras serán responsables ante os partícipes e beneficiarios de todos os prexuízos que lles causaren por incumprimento das súas obrigacións.»

Vinte e tres. Modifícase o punto 1 do artigo 49, que queda redactado como segue:

«1. Nos plans de pensións deste sistema deberase designar o defensor do partícipe, que tamén o será dos beneficiarios.

As entidades promotoras destes plans de pensións, ben individualmente, ben agrupadas por pertenceren a un mesmo grupo, ámbito territorial ou calquera outro criterio, deberán designar como defensor do partícipe entidades ou expertos independentes de recoñecido prestixio, a cuxa decisión se someterán as reclamacións que formulen os partícipes e beneficiarios ou os seus habentes

dereito contra as entidades xestoras ou depositarias dos fondos de pensións en que estean integrados os plans, contra as propias entidades promotoras ou os comercializadores dos plans de pensións individuais.»

Vinte e catro. Os puntos 4 e 5 do artigo 50 quedan redactados como segue:

«4. Cando un partícipe desexe mobilizar a totalidade ou parte dos dereitos consolidados que teña nun plan de pensións a outro plan integrado nun fondo de pensións xestionado por diferente entidade xestora ou a un plan de previsión asegurado ou a un plan de previsión social empresarial dunha entidade aseguradora distinta á entidade xestora do plan de pensións, o partícipe deberase dirixir á entidade xestora ou aseguradora de destino para iniciar o seu traspaso.

Para tal fin, o partícipe deberá presentar a solicitude de mobilización, que deberá incluír a identificación do plan e fondo de pensións de orixe desde o que se realizará a mobilización, así como, de ser o caso, o importe que se mobilizará e unha autorización do partícipe á entidade xestora ou aseguradora de destino para que, no seu nome, poida solicitar á xestora do fondo de orixe a mobilización dos dereitos consolidados, así como toda a información financeira e fiscal necesaria para realizalo.

A solicitude deberase realizar mediante escrito asinado polo partícipe ou mediante calquera outro medio do que quede constancia, para o partícipe e para a entidade receptora, do seu contido e presentación.

A solicitude do partícipe presentada nun establecemento da entidade promotora do plan de pensións de destino ou do depositario de destino ou do comercializador de destino entenderase presentada na entidade xestora de destino, salvo que de maneira expresa as especificacións do plan de pensións de destino o limiten á entidade xestora e, de ser o caso, a outros comercializadores. Así mesmo, a presentación da solicitude en calquera establecemento da rede comercial da aseguradora de destino entenderase presentada nesta salvo que as condicións do plan de previsión asegurado de destino o limiten á entidade aseguradora e, de ser o caso, a determinados mediadores.

No prazo máximo de dous días hábiles desde que a entidade aseguradora ou entidade xestora de destino dispoña da totalidade da documentación necesaria, esta deberá, ademais de comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos regulamentariamente para a mobilización de tales dereitos, solicitar á xestora do fondo de orixe o traspaso dos dereitos, con indicación, ao menos, do plan e fondo de pensións de destino, o depositario deste e os datos da conta do fondo de pensións de destino a que se debe efectuar a transferencia ou, no caso de mobilización a un plan de previsión asegurado ou a un plan de previsión social empresarial, indicación, ao menos, do plan de previsión asegurado ou do plan de previsión social empresarial, entidade aseguradora de destino e os datos da conta de destino a que se debe efectuar a transferencia.

Nun prazo máximo de cinco días hábiles contado desde a recepción por parte da entidade xestora de orixe da solicitude, esta entidade deberá ordenar a transferencia bancaria e remitir á xestora ou aseguradora de destino toda a información financeira e fiscal necesaria para o traspaso.

A entidade xestora ou aseguradora de destino conservará a documentación derivada das mobilizacións á disposición da entidade xestora de orixe, das entidades depositarias dos fondos de orixe e de destino, así como á disposición das autoridades competentes.

5. En caso de que a entidade xestora de orixe sexa, pola súa vez, a xestora do fondo de destino ou a aseguradora do plan de previsión asegurado ou do plan de previsión social empresarial de destino, o partícipe deberá indicar na súa solicitude o importe que desexa mobilizar, de ser o caso, o plan de pensións destinatario e o fondo de pensións de destino a que estea adscrito ou, noutro caso, o plan de previsión asegurado ou o plan de previsión social empresarial destinatario.

A xestora deberá emitir a orde de transferencia no prazo máximo de tres días hábiles desde a data de presentación da solicitude polo partícipe.»

Vinte e cinco. O punto 7 do artigo 50 queda redactado como segue:

«7. Non será admisible a aplicación de gastos ou penalizacións sobre os dereitos consolidados por mobilización.

Tampouco se poderán aplicar gastos nin penalizacións por mobilización dos dereitos económicos dos beneficiarios salvo, de ser o caso, as derivadas da rescisión parcial dos contratos con entidades de seguros ou financeiras referidos a riscos ou prestacións en relación co valor de realización dos investimentos afectos. Nestes casos, estes contratos deberán detallar as condicións de valoración e cálculo empregadas para determinar o dereito económico susceptible de mobilización.»

Vinte e seis. O punto 3 do artigo 52 queda redactado como segue:

«3. Un mesmo promotor pode instar a constitución de varios plans de pensións de sistema asociado.»

Vinte e sete. O punto 1 do artigo 53 queda redactado como segue:

«1. O funcionamento e a execución de cada plan de pensións do sistema asociado será supervisado por unha comisión de control que estará formada por representantes do promotor ou promotores e partícipes e, de ser o caso, dos beneficiarios do plan. Se o plan queda sen partícipes, a representación atribuída a estes corresponderá aos beneficiarios.

Na comisión de control dun plan asociado, a maioría dos seus membros, independentemente da representación que desempeñen, deberá estar composta por partícipes asociados ou afiliados da entidade promotora.

As especificacións dun plan de pensións asociado deberán prever o sistema de designación ou elección dos membros da comisión de control, e poderase prever a designación por parte dos órganos de goberno ou asemblearios da entidade promotora.

A designación dos representantes na comisión de control poderá recaer en membros integrantes destes órganos.

Unha vez designados ou elixidos os membros da comisión de control do plan e constituída validamente esta, os seus membros designarán entre si aqueles que deban exercer a presidencia e a secretaría.»

Vinte e oito. O punto 3 do artigo 53 queda redactado como segue:

«3. A comisión de control do plan asociado terá as funcións establecidas para o promotor dos plans individuais no artigo 47.1. De cada sesión redactarase a acta correspondente, que deberá ser asinada polo presidente e polo secretario da comisión de control, da cal se remitirá copia á entidade xestora. A comisión de control deberá elaborar e custodiar esas actas, as cales se deberán manter á disposición da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.»

Vinte e nove. O punto 2 do artigo 54 queda redactado como segue:

«2. A incorporación do partícipe ao plan de pensións asociado e a información periódica que se debe subministrar aos partícipes e beneficiarios rexerese polo establecido nos puntos 3 a 8, ambos inclusive, do artigo 48 para os plans de pensións individuais, salvo as mencións que poidan ser de aplicación en relación cos plans de prestación definida contidas no artigo 34. Non obstante, a obrigação da publicación no sitio web da xestora ou do seu grupo da información trimestral a

que se refire o artigo 48.7 non resultará de aplicación aos plans de pensións asociados.»

Trinta. O punto 3 do artigo 55 queda redactado como segue:

«3. O disposto nos puntos 3 e seguintes do artigo 50 deste regulamento será de aplicación á mobilización dos dereitos consolidados do partícipe ou dos dereitos económicos do beneficiario nun plan de pensións asociado.

No caso de que as prestacións estean garantidas por entidades aseguradoras ou outras entidades financeiras, os procedementos de mobilización dos dereitos correspondentes a estas axustaranse ao previsto no contrato correspondente.

Non se poderán aplicar gastos nin penalizacións por mobilización aos dereitos consolidados dos partícipes nin aos dereitos económicos dos beneficiarios salvo, de ser o caso, as derivadas da rescisión parcial dos contratos con entidades de seguros ou financeiras referidos a riscos ou prestacións en relación co valor de realización dos investimentos afectos. Nestes supostos, cando o partícipe cause baixa na asociación promotora, as especificacións do plan de pensións deberán prever a posibilidade de permanencia do partícipe no contrato concertado e no plan de pensións para evitar esas penalizacións. En todo caso os contratos deberán detallar as condicións de valoración e cálculo empregadas para determinar o dereito consolidado susceptible de mobilización.»

Trinta e un. O punto 2 do artigo 56 queda redactado como segue:

«2. Non obstante o previsto no punto anterior, en relación cos procesos de investimento desenvolvidos, os fondos de pensións poderanse encadrar dentro de dous tipos:

a) Fondo de pensións cerrado, destinado exclusivamente a instrumentar o investimento dos recursos do plan ou plans de pensións adscritos a aquel.

b) Fondo de pensións aberto, caracterizado por poder canalizar e desenvolver, xunto co investimento dos recursos do plan ou plans de pensións adscritos a aquel, o investimento dos recursos doutros fondos de pensións da súa mesma categoría nos termos establecidos neste regulamento.

A conversión do fondo en aberto non estará suxeita a autorización administrativa, ben que se deberá comunicar á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións nos termos previstos no artigo 60.6 deste regulamento.»

Trinta e dous. O artigo 58 queda redactado como segue:

«Artigo 58. *Constitución e inscrición dos fondos de pensións.*

1. Os fondos de pensións constituiranse, logo de autorización da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, en escritura pública outorgada pola entidade ou polas entidades promotoras, a xestora e a depositaria, e inscribiranse no Rexistro Mercantil e no Rexistro especial de fondos de pensións establecido no artigo 96.

2. Con carácter previo á constitución dun fondo de pensións, a entidade ou as entidades promotoras deberán solicitar autorización administrativa ante a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

Xunto coa solicitude de autorización administrativa presentárase certificación dos acordos dos órganos competentes ou apoderados das entidades promotora, xestora e depositaria de concorrer á constitución do fondo de pensións e proxecto de escritura de constitución co contido mínimo establecido no punto 4 deste artigo.

A concesión ou denegación da autorización administrativa previa para a constitución do fondo de pensións farase por resolución motivada da Dirección

Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, que se notificará á entidade ou entidades promotoras e que non esgota a vía administrativa.

Dentro do prazo de tres meses contados desde a notificación da autorización administrativa previa deberase formalizar a escritura de constitución do fondo e solicitar a súa inscrición no Rexistro Mercantil de conformidade co disposto neste artigo. En caso contrario, transcorrido ese prazo quedará sen efecto a autorización previa concedida, salvo causa debidamente xustificada.

3. Poderá solicitarse a autorización previa para a constitución dun fondo de pensións e simultaneamente a autorización e inscrición no Rexistro de entidades xestoras de fondos de pensións e no de depositarias de fondos de pensións das entidades que pretendan concorrer como tales á constitución daquel. Non se autorizará a constitución do fondo de pensións sen a previa ou simultánea autorización e inscrición da entidade xestora e da depositaria conforme o establecido neste regulamento.

4. A constitución do fondo de pensións realizarase en escritura pública conforme o proxecto autorizado, a cuxo outorgamento deberán concorrer as entidades promotora, xestora e depositaria, e inscribirse no Rexistro Mercantil.

A escritura de constitución deberá conter necesariamente as seguintes mencións:

a) A denominación ou razón social e o domicilio da entidade ou entidades promotoras e das entidades xestora e depositaria, así como a identificación das persoas que actúan na súa representación no outorgamento.

b) A denominación do fondo que deberá ser seguida, en todo caso, da expresión *fondo de pensións*.

c) As normas de funcionamento co contido mínimo establecido no artigo 59.

O notario autorizante da escritura de constitución do fondo de pensións solicitará telematicamente á Axencia Estatal da Administración Tributaria a asignación provisional dun número de identificación fiscal para o fondo de pensións.

Así mesmo, o notario autorizante da escritura de constitución solicitará telematicamente ao Rexistro Mercantil Central o certificado negativo de denominación, salvo petición expresa en contrario das partes intervinientes; neste caso será a entidade xestora quen o solicite en modo telemático con sinatura electrónica. Recibida a solicitude, o Rexistro Mercantil Central expedirá tamén telematicamente a certificación negativa ou, de ser o caso, indicará a imposibilidade da súa emisión.

5. O notario autorizante remitirá a escritura de constitución do fondo de forma telemática ao Rexistro Mercantil do domicilio social da entidade xestora do fondo para a súa inscrición, salvo que algunha das partes intervinientes no outorgamento non llo autorice. Neste caso, o notario entregará unha copia electrónica da escritura pública á entidade xestora, quen a deberá remitir por medios telemáticos con sinatura electrónica ao Rexistro Mercantil para a súa inscrición.

Na remisión referida no parágrafo anterior incorporárase a copia electrónica da escritura de constitución e os documentos acreditativos da preceptiva autorización administrativa previa e da obtención do número de identificación fiscal, así como a certificación negativa de denominación expedida polo Rexistro Mercantil Central.

Unha vez inscrito o fondo de pensións no Rexistro Mercantil, o encargado deste notificará telematicamente á Axencia Estatal da Administración Tributaria a inscrición do fondo. A Axencia Estatal da Administración Tributaria notificará telematicamente ao notario e ao rexistrador mercantil o carácter definitivo do número de identificación fiscal.

O rexistrador mercantil remitirá de oficio á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, por medio telemático, unha certificación autorizada coa súa sinatura electrónica, acreditativa do asento de constitución practicado, acompañada dunha

copia electrónica da escritura pública de constitución e indicando o número de identificación fiscal definitivo.

6. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, unha vez recibida a certificación do rexistrador mercantil referida no punto anterior, procederá a inscribir a constitución do fondo de pensións no Rexistro administrativo. Non obstante, poderá denegar a inscrición no Rexistro administrativo ou requirir ás entidades a emenda da documentación e os requisitos necesarios para a inscrición.

A concesión ou denegación da inscrición do fondo de pensións no Rexistro administrativo realizarase por resolución motivada da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, que se notificará á entidade xestora e ao Rexistro Mercantil, e non esgota a vía administrativa.

O rexistrador mercantil redactará nota á marxe, acreditativa da inscrición do fondo no Rexistro administrativo de fondos de pensións.

7. A resolución de inscrición no Rexistro administrativo especial de fondos de pensións habilita o fondo de pensións para a integración e o desenvolvemento de plans de pensións.

Ningún fondo de pensións poderá integrar plans de pensións con anterioridade á súa inscrición no Rexistro administrativo.

8. O ministro de Economía e Competitividade poderá ditar normas de desenvolvemento do procedemento de autorización e inscrición de fondos de pensións.

Nas remisións telemáticas previstas neste artigo observaranse os requisitos previstos na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.»

Trinta e tres. O artigo 59 queda redactado como segue:

«Artigo 59. *Normas de funcionamento do fondo de pensións.*

As normas de funcionamento do fondo de pensións especificarán, ao menos:

- a) A denominación do fondo e o seu ámbito de actuación expresando a súa categoría como persoal ou de emprego conforme o previsto no artigo 56.1.
- b) O procedemento para a elección e renovación e a duración do mandato dos membros da comisión de control do fondo, así como as normas de funcionamento desta.
- c) A política de investimentos dos recursos achegados ao fondo.
- d) Os criterios de imputación de resultados, de conformidade co disposto neste regulamento.
- e) Os sistemas actuariais que se poden utilizar na execución dos plans de pensións.
- f) A comisión máxima que se teña que satisfacer ás entidades xestora e depositaria tendo en conta o disposto no artigo 84.
- g) As normas de distribución dos gastos de funcionamento da comisión de control do fondo a que se refiren os artigos 64.6 e 68.4.
- h) Os requisitos para a modificación das normas de funcionamento e para a substitución das entidades xestora e depositaria de conformidade co establecido no artigo 85. En ningún caso poderá operarse a substitución sen o acordo previo da comisión, oídas, de ser o caso, as subcomisións, de control de fondo de pensións, salvo o establecido no dito artigo 85.
- i) As normas que deban rexer a disolución e liquidación do fondo de pensións.
- j) As condicións de mobilización das contas de posición dos plans e os criterios de cuantificación destas.»

Trinta e catro. O artigo 60 queda redactado como segue:

«Artigo 60. *Modificacións posteriores dos fondos de pensións.*

1. No Rexistro administrativo especial de fondos de pensións regulado no artigo 96 farase constar a escritura de constitución e as súas modificacións posteriores na forma prevista neste artigo. Ademais, deberase facer constar no Rexistro administrativo o plan ou plans de pensións integrados no fondo de pensións.

As modificacións das normas de funcionamento e da denominación do fondo de pensións, a substitución ou nova designación de entidade xestora, depositaria ou promotora do fondo, e os cambios de categoría do fondo como de emprego ou persoal non requirirán autorización administrativa previa, ben que deberán comunicarse á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións e, posteriormente, unha vez outorgada a escritura pública correspondente, inscribíranse no Rexistro Mercantil e no Rexistro administrativo especial de conformidade co previsto neste artigo.

A integración de plans de pensións e a conversión do fondo en fondo de pensións aberto tampouco requirirán autorización administrativa previa, ben que deberán comunicarse á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións na forma prevista neste artigo.

2. As modificacións das normas de funcionamento e o cambio de denominación dun fondo de pensións deberá comunicalas a entidade xestora á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións dentro do prazo máximo de 10 días desde a adopción dos acordos correspondentes xuntando certificación destes.

Unha vez comunicado á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, o acordo de modificación elevarase a escritura pública outorgada pola entidade xestora, na cal se incorporara ou se fará constar a acreditación da referida comunicación.

O notario remitirá a escritura de forma telemática ao Rexistro Mercantil do domicilio social da entidade xestora do fondo para a súa inscrición nel, salvo que a entidade xestora non o autorice para iso. Neste caso, o notario entregará unha copia electrónica da escritura pública á entidade xestora, quen a deberá remitir por medios telemáticos con sinatura electrónica ao Rexistro Mercantil para a súa inscrición.

No suposto de cambio de denominación do fondo, o notario autorizante da escritura solicitará telematicamente ao Rexistro Mercantil Central o certificado negativo de denominación, salvo que a entidade xestora non o autorice para iso, caso en que será a entidade xestora quen o solicite de modo telemático con sinatura electrónica. Recibida a solicitude, o Rexistro Mercantil Central expedirá tamén telematicamente a certificación negativa ou, de ser o caso, indicará a imposibilidade da súa emisión.

O rexistrador mercantil, unha vez practicada a inscrición, remitirá de oficio á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, por medio telemático, unha certificación, autorizada coa súa sinatura electrónica, acreditativa do asento practicado, acompañada dunha copia electrónica da escritura pública.

A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, unha vez recibida a certificación do rexistrador mercantil e a copia electrónica da escritura pública, procederá á súa inscrición no Rexistro administrativo especial de fondos de pensións e notificarállelo á entidade xestora e ao Rexistro Mercantil.

Mediante resolución motivada a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá denegar a inscrición no Rexistro administrativo ou requirir ás entidades a emenda da documentación e requisitos necesarios para a inscrición.

3. Os cambios de entidade xestora, depositaria ou promotora do fondo non requirirán autorización administrativa previa, ben que se deberán comunicar á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións dentro do prazo máximo de 10 días desde a adopción dos acordos correspondentes, xuntando certificación destes.

Para a substitución da xestora ou depositaria terase en conta o establecido no artigo 85.

Unha vez comunicados á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, os acordos correspondentes elevaranse a escritura pública outorgada pola entidade xestora, na cal se incorporará ou se fará constar a acreditación da referida comunicación. A escritura inscribírase no Rexistro Mercantil e no Rexistro administrativo conforme o procedemento establecido no punto 2 anterior.

4. A integración de plans de pensións no fondo e os traslados de contas de posición dos plans a outros fondos non requirirán autorización administrativa previa, ben que as entidades xestoras deberán comunicalos á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións dentro do prazo de 10 días desde a data de adopción dos acordos correspondentes, para a súa constancia no Rexistro especial. Estas comunicacións incluírán información sobre as porcentaxes aplicables en concepto de comisións de xestión e de depósito acordados.

A comunicación da integración deberá incluír, de ser o caso, identificación dos membros da comisión promotora do plan, indicando o cargo e representación que desempeña cada un.

No caso dos plans de pensións do sistema individual comunicáraselle á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións a persoa ou persoas designadas ou apoderadas como representantes do promotor nas actuacións que como tal correspondan a este relativas ao plan de pensións, así como a identificación do defensor do partícipe. Os cesamentos e nomeamentos sucesivos das persoas a que se refire este parágrafo comunicaranse dentro do prazo de 10 días sinalado no parágrafo anterior.

5. A categoría dun fondo de pensións como persoal ou de emprego poderá variar en función de novas integracións de plans, sempre que, de ser o caso, se efectúe previamente o traslado a outros fondos dos plans adscritos que non correspondan á categoría do que se pretende integrar.

Os traslados de plans de pensións a outros fondos e a posterior integración de novos plans, que determinen un cambio de categoría do fondo como persoal ou de emprego, comunicaranse á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións conforme o previsto no punto 4 anterior.

En todo caso, os traslados dos plans de pensións a outros fondos para o cambio de categoría como persoal ou de emprego requirirán o acordo das respectivas comisións de control dos plans ou dos respectivos promotores se son do sistema individual.

Sen prexuízo do establecido nos parágrafos anteriores, as modificacións das normas de funcionamento dun fondo derivadas do cambio de categoría do fondo como persoal ou de emprego non requirirán autorización administrativa previa, ben que os acordos de modificación delas deberán comunicarse á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións dentro do prazo de 10 días desde a súa adopción xuntando certificación destes.

As modificacións das normas de funcionamento do fondo a que se refire o parágrafo anterior elevaranse a escritura pública, a cal deberá incorporar acreditación da referida comunicación e, de ser o caso, certificación da xestora e a depositaria do fondo de se ter feito efectivo o traslado a outros fondos dos plans de pensións adscritos que non correspondan á nova categoría. A escritura inscribírase no Rexistro Mercantil e no Rexistro administrativo conforme o procedemento establecido no punto 2 anterior.

6. A conversión dun fondo de pensións en aberto non estará suxeita a autorización administrativa previa, ben que se lle deberá comunicar á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións no prazo de 10 días desde a adopción do acordo, xuntando certificación deste, para a súa inscrición no Rexistro administrativo de fondos de pensións. O fondo de pensións non poderá operar como aberto mentres non se efectuase esa comunicación.

As modificacións das normas de funcionamento do fondo que se realicen, de ser o caso, con motivo da conversión do fondo en aberto non requirirán autorización administrativa previa, ben que se deberán comunicar á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións no prazo de 10 días desde a adopción do acordo correspondente, xuntando certificación deste. Será de aplicación o previsto no punto 2 anterior para as modificacións das normas de funcionamento.

7. As entidades xestoras de fondos de pensións levarán un rexistro das comisións de control dos fondos de pensións xestionados, así como un rexistro das comisións de control dos plans de pensións adscritos, nos cales deberá constar a súa constitución e composición, a identificación dos seus membros, os cargos e representacións que desempeñan, os cesamentos e nomeamentos.

Os nomeamentos e cesamentos dos membros da comisión de control do fondo de pensións deberán inscribirse no Rexistro Mercantil. Para isto, a entidade xestora deberá remitir ao Rexistro Mercantil de forma telemática con sinatura electrónica certificación dos acordos correspondentes expedidos polo órgano de administración ou apoderado da entidade xestora. Unha vez practicada a inscrición no Rexistro Mercantil, o rexistrador mercantil, de forma telemática coa súa sinatura electrónica, notificará o asento practicado á entidade xestora, a cal anotará esas inscricións no libro rexistro referido no parágrafo anterior.

8. O ministro de Economía e Competitividade poderá ditar normas específicas sobre as obrigacións de comunicación e os procedementos de inscrición de modificacións dos fondos de pensións regulados neste artigo.

Nas remisións telemáticas de escrituras públicas e certificacións a que se refire este artigo observaranse os requisitos previstos na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.»

Trinta e cinco. O punto 3 do artigo 62 queda redactado como segue:

«3. O acordo de disolución e liquidación do fondo de pensións comunicáraselle á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións dentro do prazo máximo de 10 días desde a súa adopción xuntando certificación deste e a entidade xestora deberá publicalo na súa web, na do seu grupo ou, no seu defecto, nun dos xornais de maior circulación do lugar do domicilio social da dita entidade.

Este acordo elevarase a escritura pública outorgada pola entidade xestora, na cal se incorporará ou se fará constar a acreditación da referida comunicación, e inscribirase no Rexistro Mercantil e no Rexistro administrativo conforme o procedemento establecido no punto 2 do artigo 60.

O rexistrador mercantil remitirá de oficio, de forma telemática e sen ningún custo adicional, o acordo de disolución do fondo ao Boletín Oficial del Rexistro Mercantil para a súa publicación.

Ultimada a liquidación, tras se cumprir o preceptuado no último parágrafo do punto 2 precedente, os liquidadores ou, no seu defecto, a xestora, deberán solicitar do rexistrador mercantil e da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións a cancelación respectiva dos asentos referentes ao fondo de pensións extinguido.»

Trinta e seis. O punto 3 do artigo 63 queda redactado como segue:

«3. Malia o disposto no punto anterior, tamén será admisible o sistema de representación conxunta no seo da comisión de control do fondo de emprego. Para tal efecto, dous ou máis plans de emprego integrados nun mesmo fondo poderanse agrupar baixo unha representación conxunta na comisión de control do fondo, se así o deciden de común acordo as comisións de control dos citados plans, que designarán os representantes entre os seus membros nos termos acordados.

Así mesmo, en virtude de acordos de negociación colectiva estatutaria de ámbito supraempresarial, varios plans de emprego integrados nun mesmo fondo poderán agruparse baixo unha representación conxunta na comisión de control do fondo, con representantes designados pola comisión negociadora ou, no seu

defecto, pola comisión paritaria de interpretación e aplicación do convenio ou outros órganos paritarios regulados nel, ou ben polos representantes das empresas e traballadores no referido ámbito supraempresarial. Os designados poderán ser a totalidade ou parte dos compoñentes das citadas comisións ou de órganos paritarios previstos no convenio ou representantes das partes referidas.

Para cada conxunto de plans agrupados baixo unha mesma representación conxunta na comisión de control do fondo designaranse, polo menos, dous representantes, un polos promotores e outro polos partícipes deses plans.

Unha vez designada a representación conxunta dun grupo de plans, será admisible que outros plans de emprego adscritos ao fondo se acollan posteriormente a esa representación, por petición da comisión promotora ou de control do plan interesado aceptada polos representantes do grupo de plans, ou en virtude de acordo colectivo estatutario de ámbito supraempresarial.»

Trinta e sete. O punto 5 do artigo 63 queda redactado como segue:

«5. As normas de funcionamento do fondo especificarán o procedemento e os acordos para a designación dos representantes entre os membros das comisións de control dos plans afectados ou, de ser o caso, entre os compoñentes da comisión negociadora ou da comisión de interpretación e aplicación do convenio colectivo estatutario supraempresarial ou outro órgano de composición paritaria previsto nel, ou representantes de empresas e traballadores en tal ámbito.»

Trinta e oito. O punto 2 do artigo 64 queda redactado como segue:

«2. O mandato dos membros dunha comisión será temporal e gratuíto. Nas normas de funcionamento do fondo consignarase o procedemento para a designación e renovación dos seus membros, a duración do seu mandato, que non será superior a catro anos, aínda que poderán ser reelixidos, así como os casos e formas en que se deba reunir a mencionada comisión de control do fondo.

A comisión de control do fondo deberá reunirse ao menos unha vez en cada exercicio e de cada sesión redactarase a acta correspondente, que deberá ser asinada polo presidente e polo secretario da comisión de control, da cal se remitirá copia á entidade xestora. A comisión de control deberá elaborar e custodiar esas actas, que se deberán manter á disposición da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.»

Trinta e nove. O punto 1 do artigo 68 queda redactado como segue:

«1. O mandato dos membros da comisión de control do fondo persoal será temporal e gratuíto. Nas normas de funcionamento do fondo consignarase o procedemento para a elección e renovación dos seus membros, a duración do seu mandato, que non será superior a catro anos, aínda que poderán ser reelixidos, así como os casos e formas en que se deba reunir a mencionada comisión.

A comisión de control do fondo deberase reunir ao menos unha vez en cada exercicio, e de cada sesión redactarase a acta correspondente, que deberá ser asinada polo presidente e polo secretario da comisión de control, da cal se remitirá copia á entidade xestora. A comisión de control deberá elaborar e custodiar esas actas, as cales se deberán manter á disposición da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.»

Corenta. Os puntos 4, 5, 6, 7 e 8 do artigo 69 quedan redactados como segue:

«4. A comisión de control do fondo de pensións, coa participación da entidade xestora, elaborará por escrito unha declaración comprensiva dos principios da súa política de investimento. A esta declaración daráselle suficiente publicidade e deberá ser entregada, en todo caso, á entidade depositaria do fondo de pensións.

Esta declaración referirase, ao menos, a cuestións tales como:

- a) Os criterios empregados para a selección dos investimentos.
- b) Os métodos de medición dos riscos inherentes aos investimentos e os procesos de xestión do control de tales riscos, en especial, os de derivados, estruturados e activos non negociados en mercados regulados.
- c) A colocación estratéxica de activos con respecto á natureza e duración dos seus compromisos, incluíndo as porcentaxes máximas e/ou mínimas de investimento con respecto ao total da carteira, facendo especial referencia á utilización ou non de activos derivados, con indicación do seu nivel de aparcamento, e/ou activos estruturados e activos non negociados en mercados regulados.
- d) Riscos inherentes aos investimentos incluíndo os métodos de medición e procesos de xestión do control de tales riscos.
- e) Os procesos de supervisión e seguimento do cumprimento dos principios establecidos.
- f) Período de vixencia da política de investimento.

A declaración será actualizada cando se produzan cambios significativos na política de investimento do fondo e, en todo caso, como consecuencia das modificacións que se deban realizar en función das conclusións da revisión financeiro-actuarial.

No caso dos plans de pensións individuais para os cales unha entidade financeira ofrece unha garantía externa nos termos establecidos no artigo 77 deste regulamento, deberase recoller expresamente esta circunstancia na declaración comprensiva dos principios da política de investimento.

5. No caso de fondos de pensións de emprego, a declaración deberá mencionar se se teñen en consideración ou non, nas decisións de investimento, os riscos extrafinancieros que afectan os diferentes activos que integran a carteira do fondo de pensións, e deberanse recoller, entre outros:

- a) Os principios específicos que se aplican para a consideración da existencia de riscos extrafinancieros nun investimento incluíndo os criterios éticos, sociais, ambientais e de bo goberno empregados.
- b) As categorías de activos do fondo de pensións sobre os cales se efectuará a análise en relación coa consideración de riscos extrafinancieros.
- c) A porcentaxe mínima da carteira que se invista en activos que teñan en consideración criterios extrafinancieros.
- d) O procedemento seguido para a implantación, xestión e seguimento dos principios definidos. Deberanse sinalar especificamente as medidas establecidas para a comprobación, por parte da comisión de control ou da entidade xestora, do cumprimento dos principios específicos definidos nos investimentos do fondo que teñan en consideración riscos extrafinancieros.

O informe anual de xestión do fondo de pensións de emprego deberá recoller a política exercida en relación cos criterios de investimento socialmente responsable. Deberá recoller especificamente o procedemento seguido para a súa implantación, xestión e seguimento e indicar a porcentaxe da carteira do fondo que se inviste en activos que teñan en consideración este tipo de criterios.

No caso de que un fondo de pensións persoal teña en consideración, nas decisións de investimento, os riscos extrafinancieros que afectan os diferentes activos que integran a carteira, a información que decida incluír na declaración comprensiva dos principios da súa política de investimento e no informe de xestión anual deberá cumprir os requisitos mencionados nos puntos anteriores.

6. Os activos dos fondos de pensións investiranse maioritariamente en valores e instrumentos financeiros admitidos a negociación en mercados regulados. Os investimentos en activos que non se poidan negociar en mercados regulados deberán, en todo caso, manterse dentro de niveis prudenciais.

Os activos afectos á cobertura das provisións técnicas investiranse de maneira adecuada á natureza e duración das futuras prestacións previstas dos plans de pensións.

Para estes efectos, considéranse mercados regulados aqueles establecidos dentro do ámbito da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE) que cumpran as condicións exixidas pola Directiva 2004/39/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de abril de 2004, relativa aos mercados de instrumentos financeiros, pola que se modifican as directivas 85/611/CE e 93/6/CEE do Consello, e a Directiva 2000/12/CE do Parlamento Europeo e do Consello, e se deroga a Directiva 93/22/CEE do Consello, e aqueles outros que, de ser o caso, determinen as autoridades españolas de control financeiro, por entender que as súas condicións de funcionamento son equivalentes ás fixadas na citada normativa comunitaria.

Tamén se considerarán incluídos nesta categoría os mercados organizados de derivados. Entenderase por tales aqueles mercados radicados en estados membros da OCDE en que se articule a negociación dos instrumentos de forma regrada, dispoñan dun sistema de depósitos de garantía actualizables diariamente en función das cotizacións rexistradas ou de axuste diario de perdas e ganancias, exista un centro de compensación que rexistre as operacións realizadas e se interpoña entre as partes contratantes actuando como comprador ante o vendedor e como vendedor ante o comprador.

7. A comisión de control do fondo de pensións deberá exercer, en beneficio exclusivo dos partícipes e beneficiarios, todos os dereitos inherentes aos valores integrados no fondo.

Estes dereitos exerceraos a comisión de control do fondo, directamente ou a través da entidade xestora, que seguirá as indicacións desa comisión ou o disposto nas normas de funcionamento do fondo.

No caso dos dereitos de participación e voto nas xuntas xerais, tamén se deberán exercer en caso de relevancia cuantitativa e carácter estable dos valores integrados no fondo, salvo que existan motivos que xustifiquen o non exercicio de tales dereitos e se informe diso no correspondente informe de xestión anual do fondo de pensións.

En calquera caso, no informe de xestión anual do fondo de pensións deberase deixar constancia da política da comisión de control do fondo ou, de ser o caso, da entidade xestora, con relación ao exercicio dos dereitos políticos inherentes aos valores integrados no fondo de pensións.

8. Para os efectos do disposto no presente capítulo, consideraranse pertencentes a un mesmo grupo as sociedades que se encontren nos supostos recollidos no artigo 42 do Código de comercio.»

Corenta e un. O punto 4 do artigo 70 queda redactado como segue:

«4. Depósitos en entidades de crédito que sexan á vista ou a prazo, en cuxo caso terán un vencemento non superior a trinta e seis meses, e poidan facerse líquidos en calquera momento sen que o principal do depósito se poida ver comprometido en caso de liquidez anticipada. A entidade de crédito depositaria deberá ter a súa sede nun Estado membro da Unión Europea e os depósitos deberán estar nominados en moedas que se negocien en mercados de divisas da OCDE.»

Corenta e dous. A alínea a) do punto 9 do artigo 70 queda redactada como segue:

«9. Valores e instrumentos financeiros de renda fixa e variable distintos dos previstos no punto 1 deste artigo, nos seguintes termos:

a) Valores e instrumentos financeiros non cotizados en mercados regulados ou que, estando admitidos a negociación en mercados regulados, non sexan

susceptibles de tráfico xeneralizado e impersoal, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

- 1.º Non poderán presentar ningunha limitación á súa libre transmisión.
- 2.º Deberán ter sido emitidos por entidades con sede social nalgún país membro da OCDE en que non concorra o carácter de paraíso fiscal.
- 3.º A entidade emisora dos valores ou instrumentos financeiros deberá auditar os seus estados financeiros anualmente; tal auditoría será externa e independente. Tanto no momento do investimento como nos exercicios posteriores, non deberá constar a opinión desfavorable do auditor respecto do último exercicio de referencia.
- 4.º Nin individualmente nin de maneira conxunta co resto dos fondos de pensións xestionados pola mesma entidade xestora, o investimento en valores e instrumentos financeiros non contratados en mercados regulados poderá supor o exercicio, na práctica, do control sobre a entidade na cal se inviste.
- 5.º O investimento non poderá ter lugar en entidades cuxos socios, administradores ou directivos teñan, de maneira individual ou de forma conxunta, directamente ou a través de persoas interpostas, unha participación significativa no grupo da entidade xestora. Tampouco se poderán realizar investimentos en valores emitidos por sociedades que fosen financiadas polo grupo económico da entidade xestora ou dos promotores dos plans integrados nos fondos xestionados e que vaian estimar o financiamento recibido dos fondos a amortizar directa ou indirectamente os créditos outorgados polas empresas dos grupos citados.

Para estes efectos, entenderase que a operación a realiza unha persoa ou entidade interposta cando a executa unha persoa unida por vínculo de parentesco en liña directa ou colateral, consanguínea ou por afinidade, ata o segundo grao inclusive, mandatarios ou fiduciarios ou calquera sociedade en que os citados conselleiros, administradores, directores, entidades ou integrantes da comisión de control teñan, directa ou indirectamente, unha porcentaxe igual ou superior ao 25 por cento do capital ou exerzan nela funcións que impliquen o exercicio do poder de decisión.

Queda prohibido o investimento dos fondos de pensións en valores ou instrumentos financeiros non cotizados emitidos polo grupo económico da xestora ou dos promotores dos plans de pensións integrados nos fondos xestionados.»

Corenta e tres. Modifícase o parágrafo primeiro e introdúcese un parágrafo segundo no artigo 72 coa seguinte redacción:

«Os investimentos dos fondos de pensións estarán, en todo momento, suficientemente diversificados, de forma que se evite a dependencia excesiva dun deles, dun emisor determinado ou dun grupo de empresas, e as acumulacións de risco no conxunto da carteira, e deberán cumprir, en todo momento, as condicións establecidas neste artigo.

Non obstante, os seguintes límites non serán de aplicación aos valores ou instrumentos financeiros emitidos ou avalados polo Estado ou polos seus organismos autónomos, polas comunidades autónomas, corporacións locais ou por administracións públicas equivalentes de Estados pertencentes á OCDE, ou polas institucións ou organismos internacionais dos cales España sexa membro e por aqueles outros en que así resulte de compromisos internacionais que España poida asumir, sempre que o investimento en valores dunha mesma emisión non supere o 10 por cento do saldo nominal desta.»

Corenta e catro. A alínea d) do artigo 72 queda redactada como segue:

«d) Os instrumentos derivados estarán sometidos, nos termos previstos na alínea b deste artigo, aos límites de dispersión polo risco de mercado asociado á evolución do subxacente, salvo que este consista en institucións de investimento

colectivo, en tipos de xuro, en tipos de cambio ou en índices de referencia que cumpran como mínimo as seguintes condicións:

- 1.º Ter unha composición suficientemente diversificada.
- 2.º Ter unha difusión pública adecuada.
- 3.º Ser de uso xeneralizado nos mercados financeiros.

Os instrumentos derivados cuxos subxacentes sexan materias primas estarán sometidos polo risco de mercado aos límites previstos nos dous primeiros parágrafos da letra b deste mesmo artigo.

Para a aplicación dos límites de diversificación e dispersión asociados ao risco de mercado, os instrumentos derivados que teñan a consideración de instrumentos de cobertura consideraranse atendendo á posición neta.

Así mesmo, ningún fondo de pensións poderá ter investido máis do 2 por cento do seu activo en instrumentos derivados non negociados en mercados regulados nos termos descritos no último parágrafo do artigo 69.6 deste regulamento polo risco de contraparte asociado á posición. O límite anterior será dun 4 por cento para os citados instrumentos financeiros cando estean emitidos ou avalados por entidades pertencentes a un mesmo grupo.

O ministro de Economía e Competitividade poderá establecer normas específicas sobre a incidencia dos instrumentos derivados no cómputo dos límites establecidos neste artigo, así como a aplicación de límites, condicións e normas de valoración ás operacións con tales instrumentos.»

Corenta e cinco. As alíneas f), g) e h) do artigo 72 quedan redactadas como segue:

«f) O investimento nos valores ou instrumentos financeiros emitidos ou avalados por unha mesma entidade, as posicións fronte a ela en instrumentos derivados e os depósitos, á vista e a prazo, que o fondo de pensións teña en tal entidade non poderá superar o 20 por cento do activo do fondo de pensións. O citado límite tamén será aplicable a varias entidades que formen parte dun mesmo grupo.

Para a aplicación do límite contido nesta letra, non se terán en conta as accións ou participacións de institucións de investimento colectivo nin as participacións en fondos de pensións abertos cando unhas ou outros estean xestionados por unha mesma entidade ou grupo delas.

g) Os fondos de pensións non poderán investir máis do 5 por cento do seu activo en valores ou instrumentos financeiros emitidos por entidades do grupo a que pertenza o promotor ou promotores dos plans de emprego integrados nel.

Este límite elevarase ao 20 por cento cando se trate de accións e participacións de institucións de investimento colectivo das previstas nas letras a) e b) do artigo 70.3 sempre que, tratándose de fondos de investimento, as súas participacións teñan a consideración de valores cotizados ou ben estean admitidas a negociación en mercados regulados; e, tratándose de sociedades de investimento, as súas accións sexan susceptibles de tráfico xeneralizado e impersoal e estean admitidas a negociación en mercados regulados.

h) O investimento dos fondos de pensións en valores ou instrumentos financeiros emitidos ou avalados por unha mesma entidade non poderá exceder o 5 por cento, en valor nominal, do total dos valores e instrumentos financeiros en circulación daquela.

Este límite elevarase ao 20 por cento nos seguintes casos:

1.º Para accións e participacións de institucións de investimento colectivo das previstas nas letras a) e b) do artigo 70.3 sempre que, tratándose de fondos de investimento, as súas participacións teñan a consideración de valores cotizados ou ben estean admitidas a negociación en mercados regulados; e tratándose de

sociedades de investimento, as súas accións estean admitidas a negociación en mercados regulados.

Os límites previstos nesta letra para o investimento nunha mesma institución de investimento colectivo serán, así mesmo, aplicables ao conxunto dos investimentos do fondo de pensións en varias institucións de investimento colectivo cando estas estean xestionadas por unha mesma entidade xestora de institucións de investimento colectivo ou por varias pertencentes ao mesmo grupo.

2.º Para valores ou participacións emitidos por sociedades ou fondos de capital risco autorizados a operar en España conforme a Lei 25/2005, do 24 de novembro, reguladora das entidades de capital risco e as súas sociedades xestoras e entidades estranxeiras similares.»

Corenta e seis. A alínea j) do artigo 72 queda redactada como segue:

«j) Cando o investimento en calquera dos activos aptos, ou contratación de instrumentos derivados aptos, teña a consideración de obrigación financeira principal garantida no marco dun acordo de garantía financeira nos termos descritos no capítulo II do título I do Real decreto lei 5/2005, do 11 de marzo, de reformas urxentes para o impulso á produtividade e para a mellora da contratación pública, os límites de dispersión e diversificación por risco de contraparte correspondentes á obrigación financeira principal serán exixibles unicamente ao saldo neto do produto da liquidación de tales operacións.

Sen prexuízo do anterior, o obxecto da garantía financeira deberá ser tamén un activo apto para o investimento dos fondos de pensións e estará suxeito aos límites de dispersión e diversificación establecidos neste artigo conforme a súa natureza.

Os valores e outros activos que integren a carteira do fondo poderán servir de garantía nas operacións que este realice, tanto nos mercados regulados coma nos mercados non organizados de derivados, neste último caso, sempre que se encontren amparados polos acordos de compensación contractual e garantías financeiras requiridos no Real decreto lei 5/2005, do 11 de marzo, de reformas urxentes para o impulso da produtividade e para a mellora da contratación pública.»

Corenta e sete. No artigo 74 modifícanse os puntos 2, 3, 4, e 5 e engádense dous novos puntos 6 e 7 coa seguinte redacción:

«2. Os fondos de pensións realizarán as operacións sobre activos financeiros admitidos a cotización en mercados regulados ou organizados dos citados no artigo 69.4, de forma que incidan de maneira efectiva nos prezos coa concorrencia de ofertas e demandas plurais, salvo que a operación se poida realizar en condicións máis favorables para o fondo que as resultantes do mercado.

Sen prexuízo do sinalado no artigo 17.1 e 72.j), o fondo de pensións deberá ter en todo momento a titularidade e a libre disposición sobre os activos en que se materialice o investimento do seu patrimonio.

Non obstante, cando os fondos de pensións estean operando en mercados estranxeiros nos cales sexa obrigatoria ou reduza sensiblemente os custos a utilización de contas globais, a custodia dos valores e activos poderá ser realizada polo depositario a través desas contas.

Nestes supostos a entidade depositaria deberá informar a entidade xestora, con carácter previo á utilización destas contas, quen pola súa vez comunicará á comisión de control do fondo de pensións a utilización de contas globais, para a súa aceptación expresa por esta última.

En todo caso, a entidade depositaria deberá garantir a existencia dunha separación absoluta entre a conta propia da entidade depositaria e as contas por conta de terceiros, e non se poderán rexistrar posicións da entidade e dos seus clientes na mesma conta.

A titularidade das contas globais corresponderá á entidade depositaria do fondo de pensións, por conta deste, e deberase reflectir expresamente o seu carácter de conta aberta por conta de terceiros.

3. Os activos deberán estar situados no Espazo Económico Europeo.

Para estes efectos, o lugar de situación dos activos determinarase de acordo cos seguintes criterios:

a) Valores: o domicilio do seu depositario. Se se trata de valores representados mediante anotacións en conta, o da entidade encargada do seu rexistro contable. Cando necesiten estar garantidos por establecemento de crédito ou de entidade aseguradora, será o lugar onde se sitúe o establecemento garante.

b) Participacións en fondos de investimento: o domicilio do depositario.

c) Depósitos: o lugar onde estea situado o establecemento en que se constituísen.

d) Bens inmobles: o lugar onde estean situados.

e) Créditos: o domicilio do debedor. Se se trata de créditos con garantía real, o lugar onde a garantía se poida executar.

f) Outros dereitos negociables: o domicilio do emisor.

En todo caso, os valores negociables deberán estar depositados en intermediarios financeiros autorizados para operar por medio de establecemento nalgún Estado membro do Espazo Económico Europeo ou, se se trata de valores representados por medio de anotacións en conta, deberanse respectar as súas normas específicas.

As anotacións en conta con rexistro contable fóra do Espazo Económico Europeo e dentro do ámbito da OCDE deberán estar garantidas ou avaladas por unha entidade de crédito autorizada para operar por medio de establecemento nalgún Estado membro do Espazo Económico Europeo.

4. As entidades xestora e depositaria dun fondo de pensións, así como os seus conselleiros e administradores, e os membros da comisión de control do fondo de pensións, os membros da comisión de control do plan así como os promotores dos plans de pensións, non poderán comprar nin vender para si mesmos os activos do fondo directamente nin por unha persoa ou unha entidade interpostas. Análoga restrición se aplicará á contratación de créditos. Para estes efectos, entenderase que a operación a realiza persoa ou entidade interposta cando a executa unha persoa unida por vínculo de parentesco en liña directa ou colateral, consanguínea ou por afinidade, ata o segundo grao inclusive, mandatarios ou fiduciarios ou calquera sociedade en que os citados conselleiros, administradores, directores, entidades ou integrantes da comisión de control teñan, directa ou indirectamente, unha porcentaxe igual ou superior ao 25 por cento do capital ou exerzan nela funcións que impliquen o exercicio do poder de decisión.

Non se considerarán incluídas no parágrafo anterior aquelas operacións de cesión e adquisición de activos por parte das entidades depositarias que formen parte das súas operacións habituais.

5. Os bens dos fondos de pensións só poderán ser obxecto de garantía para asegurar o cumprimento das obrigacións do fondo.

As obrigacións fronte a terceiros non poderán exceder en ningún caso o 5 por cento do activo do fondo.

Non se terán en conta para estes efectos os débitos contraídos na adquisición de elementos patrimoniais no período que transcorra ata a liquidación total da correspondente operación, nin os existentes fronte aos beneficiarios ata o momento do pagamento das correspondentes prestacións, nin as correspondentes aos dereitos consolidados dos partícipes.

6. Cando se produza un incumprimento sobrevido da declaración comprensiva da política de investimento ou un exceso sobre calquera dos límites máximos de investimento indicados neste regulamento que se deba exclusivamente ao exercicio de dereitos incorporados aos títulos que formen parte da carteira, á variación do valor de títulos que foron adquiridos con suxeición ás normas legais, a unha

redución de activo do propio fondo de pensións por mobilización de contas de posición ou liquidación de plans, ou cando a pertenza a un mesmo grupo sexa unha circunstancia sobrevida con posterioridade ao investimento, o fondo disporá do prazo dun ano contado desde o momento en que o exceso se produciu para proceder á súa regularización.

Naqueles supostos en que un activo cualificado como apto no momento da súa adquisición deixe de cumprir os requisitos de aptitude exixidos, o prazo para a súa regularización ou venda será de seis meses. Este prazo poderá ser ampliado logo de solicitude xustificada á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións por parte da entidade xestora, en que se indicarán os prexuízos que o cumprimento do prazo de seis meses pode ocasionar aos partícipes e beneficiarios.

7. As entidades xestoras deberán elaborar un rexistro diario de todas as operacións de compravenda de valores non negociables, activos financeiros estruturados, instrumentos derivados e accións e participacións das entidades de capital risco, que fosen realizadas polo fondo de pensións. Nel incluíranse os datos cuantitativos relevantes de cada operación, considerada individualmente, así como unha descrición detallada dos motivos da súa realización.»

Corenta e oito. O título do artigo 75 queda redactado como segue:

«Artigo 75. *Criterios de valoración.*»

Corenta e nove. Os puntos 4 e 5 do artigo 75 quedan redactados como segue:

«4. Os fondos de pensións calcularán diariamente o valor da conta de posición dos plans integrados nel.

A cuantificación da conta de posición de cada plan integrado no fondo derivará da aplicación dos criterios de valoración de investimentos anteriormente indicados e, supletoriamente, das normas de valoración contable xerais ou, de ser o caso, das que se establezan para a súa aplicación específica a fondos de pensións.

Nos fondos de pensións onde se integren plans de pensións individuais deberase definir a unidade de conta entendida como a unidade autónoma de igual valor, representativa dunha parte alícuota da conta de posición do plan de pensións, de tal forma que o saldo da conta de posición coincida co número de unidades de conta multiplicado polo valor liquidativo destas. As entidades xestoras deberán calcular e publicar diariamente o valor liquidativo das unidades de conta dos plans individuais integrados nos fondos que xestionen. Para estes efectos, consideraranse medios de difusión aptos, entre outros, a publicación no sitio web da entidade xestora ou do seu grupo.

A mobilización da conta de posición dun plan de pensións poderá implicar unha penalización a favor do fondo de pensións, de acordo coas previsións das súas normas de funcionamento.

As referidas normas de funcionamento poderán prever que a mobilización dunha conta de posición se faga mediante a transmisión a outro fondo de pensións dos activos que proporcionalmente correspondan a aquela conta de posición.

5. Para os efectos da realización de achegas a plans de pensións, mobilización de dereitos consolidados, recoñecemento de prestacións e liquidez de dereitos consolidados en supostos excepcionais, utilizarase o valor diariamente fixado da conta de posición do plan, aplicándose o correspondente á data en que se faga efectiva a achega, a mobilización, a liquidez ou o pagamento da prestación.

Porén, as normas de funcionamento do fondo poderán referir a valoración dos dereitos consolidados e prestacións á correspondente ao día hábil anterior ao sinalado no parágrafo anterior e, no caso das achegas, poderán referila ao día hábil seguinte.

O disposto neste punto enténdese sen prexuízo da validez e dos efectos xurídicos da data da achega ou da solicitude de mobilización, liquidez ou recoñecemento da prestación.

As entidades xestoras serán responsables dos atrasos que se produzan en exceso sobre os prazos previstos neste regulamento para tramitar e facer efectivas as solicitudes dos partícipes ou beneficiarios, sen prexuízo da posibilidade da entidade xestora de repetir contra aquel que causase o atraso.

Para os efectos do previsto neste regulamento, por data de solicitude entenderase a de recepción polo comercializador, pola xestora ou depositaria, polo promotor do plan ou pola comisión de control do plan da petición formulada por escrito ou por calquera outro medio do cal quede constancia fidedigna, polo partícipe ou beneficiario, ou por un terceiro actuando na súa representación, que conteña a totalidade da documentación necesaria. O receptor estará obrigado a facilitar ao solicitante constancia da súa recepción.»

Cincuenta. O primeiro parágrafo do artigo 77 queda redactado como segue:

«No caso de que as entidades financeiras, nos termos permitidos pola súa normativa específica, ofrezan aos partícipes dos plans de pensións individuais ou asociados unha garantía individualizada, referida á obtención dun determinado valor do dereito consolidado nunha data determinada, tales garantías formalizaranse por escrito en documento suscrito polo partícipe, a quen se lle entregará unha copia. Nese documento especificaranse clara e detalladamente a identidade da entidade garante, o obxecto da garantía e a rendibilidade ou parámetro de referencia, o plan a que se refire, a duración, condicións de mantemento e posibles causas de suspensión ou rescisión da garantía, a compensación que se entregará a partícipes e beneficiarios en caso de suspensión ou rescisión unilateral desta, as circunstancias, tempo e forma en que se poderá exixir a súa execución, forma de determinar a contía que deberá compensar a entidade financeira e, de ser o caso, límites cuantitativos da garantía. Se a información fai referencia a unha teórica rendibilidade implícita na operación, deberase informar do seu equivalente calculada sobre unha base anual.»

Cincuenta e un. Os puntos 1, 2 e 3 do artigo 78 quedan redactados como segue:

«1. Poderán ser entidades xestoras de fondos de pensións as sociedades anónimas que teñan como obxecto social e actividade exclusivos a administración de fondos de pensións e que, tendo obtido autorización administrativa previa, reúnan os seguintes requisitos:

a) Ter un capital desembolsado mínimo de 600.000 euros.

Adicionalmente, os recursos propios deberanse incrementar nos tantos por mil do activo total do fondo ou fondos xestionados que se sinalan a continuación:

O 5 por mil do activo total cando este non exceda os 60 millóns de euros.

O 3 por mil do que exceda de 60 millóns ata 600 millóns de euros.

O 2 por mil do que exceda os 600 millóns ata 3.000 millóns de euros.

O 1 por mil do que exceda os 3.000 millóns ata 6.000 millóns de euros.

O 0,5 por mil do que exceda os 6.000 millóns de euros.

Para estes efectos, computaranse como recursos propios os conceptos sinalados no punto 2 deste artigo.

b) As súas accións serán nominativas.

c) Ter como obxecto social e actividade exclusivos a administración de fondos de pensións. A súa denominación irá seguida en todo caso da expresión xestora de fondos de pensións.

d) Non poderán emitir obrigacións nin acudir ao crédito e terán materializado o seu patrimonio de acordo co previsto no punto 3 deste artigo.

e) Deberán ter o seu domicilio social, así como a súa efectiva administración e dirección, en España.

f) Deberán obter autorización administrativa previa e inscribirse no Rexistro especial de entidades xestoras de fondos de pensións establecido neste regulamento.

g) Aos socios e ás persoas físicas e xurídicas membros do consello de administración, así como aos directores xerais e asimilados a estes últimos das entidades xestoras de fondos de pensións resultaranlle de aplicación os criterios e o réxime de incompatibilidades e limitacións establecidos nos artigos 14 e 15 do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro.

O ministro de Economía e Competitividade poderá regular a forma de acreditación deste requisito.

h) Deberán contar cun consello de administración formado por non menos de tres membros.

i) Deberán contar cunha adecuada organización administrativa e contable, así como con medios humanos e técnicos adecuados nos termos descritos no artigo 80 bis.

j) Deberán contar con procedementos e mecanismos de control interno adecuados nos termos previstos no artigo 80 ter.

2. Para efectos do previsto na alínea a) do punto 1, poderanse computar como recursos propios adicionais:

a) O capital social desembolsado no que exceda os 600.000 euros.

b) A reserva legal, as reservas de revalorización de elementos patrimoniais por aplicación de norma legal, a prima de emisión de accións, as reservas voluntarias e a parte do saldo acredor da conta de perdas e ganancias que se destine a incrementar reservas voluntarias.

En todo caso, deduciranse dos recursos propios computables: os gastos de establecemento, constitución, ampliación de capital e formalización de débedas que figuren no activo, o saldo debedor da conta de perdas e ganancias, os resultados negativos de exercicios anteriores, as minusvalías resultantes da sobrevaloración de elementos de activo e da infravaloración de elementos de pasivo que non fosen imputadas a resultados, e toda obrigación, provisión ou débeda que non se contabilizase conforme as disposicións legais ou regulamentarias.

En caso de que o fondo ou os fondos de pensións xestionados invistan en fondos de pensións abertos, para calcular os recursos propios exhibibles deducirase do activo total dos fondos de pensións investidores a parte correspondente aos investimentos destes en fondos de pensións abertos que estean, pola súa vez, xestionados pola mesma entidade xestora. Así mesmo, descontaranse do activo total dos fondos xestionados as débedas dos promotores dos plans de pensións de emprego adscritos.

3. Os recursos propios das entidades xestoras reguladas neste artigo deberán estar investidos en instrumentos financeiros contratados en mercados regulados, en inmobles, tesouraría ou calquera outro activo adecuado ao obxecto social exclusivo que caracteriza estas entidades.

En ningún caso estas entidades poderán emitir obrigacións, obrigas de pagamento, efectos ou títulos análogos, nin dar garantía ou peñar os seus activos ou acudir ao crédito.»

Cincuenta e dous. Os puntos 2, 3 e 4 do artigo 79 quedan redactados como segue:

«2. O previsto no punto anterior enténdese sen prexuízo de que, para exercer como entidade xestora dun ou varios fondos de pensións determinados, deberán cumprirse os procedementos de autorización administrativa e inscrición para a

constitución de novos fondos de pensións ou, de ser o caso, os requisitos para a substitución das entidades xestoras, regulados neste regulamento.

Poderanse simultanear as solicitudes de autorización previa para a constitución dun fondo de pensións, e de autorización e inscrición no Rexistro especial da entidade xestora que pretenda asumir a administración de tal fondo.

En todo caso, a autorización administrativa para a constitución do fondo de pensións requirirá a previa ou simultánea autorización e inscrición da entidade xestora.

3. Os cambios de denominación, de domicilio e as modificacións dos estatutos da entidade xestora non requirirán autorización administrativa ben que, sen prexuízo da publicidade prevista na normativa sobre sociedades anónimas, deberán comunicarse á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, no prazo máximo de 10 días desde a adopción do correspondente acordo xuntando certificación deste.

Posteriormente, unha vez outorgada e inscrita no Rexistro Mercantil a escritura pública correspondente, esta deberá presentarse para a súa constancia no Rexistro administrativo.

Tratándose do cambio de denominación da entidade, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións ordenará a publicación no Boletín Oficial del Estado dos cambios de denominación das entidades xestoras unha vez que lle sexa presentada a escritura correspondente inscrita no Rexistro Mercantil.

Os aumentos e reducións de capital social e os desembolsos do capital subscrito comunicaranse igualmente á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións no prazo máximo de 10 días desde a adopción do acordo correspondente xuntando certificación deste. Posteriormente deberase presentar para a súa constancia no Rexistro administrativo a escritura pública correspondente inscrita no Rexistro Mercantil en que conste, de ser o caso, a efectividade da subscrición e desembolso e, no caso de achegas non en diñeiro, incluírá documentación ou informe acreditativo da valoración dos bens e dereitos achegados.

4. O ministro de Economía e Competitividade poderá ditar normas específicas sobre o procedemento de autorización e inscrición de entidades xestoras de fondos de pensións, e sobre as obrigacións de comunicación de modificacións e, en especial, sobre comunicación de datos relativos aos seus conselleiros e altos cargos e á concorrencia de vínculos estreitos con outras entidades dominantes ou dominadas, participantes ou participadas, ou outros aspectos relativos á súa organización e programas de actividade.»

Cincuenta e tres. O punto 2 do artigo 80 queda redactado como segue:

«2. Para efectos do previsto na citada alínea a) do artigo 78.1, para a cobertura do mínimo inicial de 600.000 euros e recursos adicionais requiridos en función do activo dos fondos xestionados, as aseguradoras poderán computar o capital ou fondo mutual desembolsados, a reserva legal, as reservas de revalorización de elementos patrimoniais por aplicación de norma legal, a prima de emisión de accións, as reservas voluntarias e a parte do saldo acredor da conta de perdas e ganancias que se destine a incrementar reservas voluntarias.

En todo caso, a exixencia de recursos propios para a actividade como xestora de fondos de pensións considérase adicional ás exixencias de patrimonio propio non comprometido para a cobertura da marxe de solvencia e fondo de garantía requiridos para o exercicio da actividade aseguradora.

Non obstante, non será necesario incrementar o importe do capital social da entidade aseguradora por encima da contía exixida na súa normativa específica sempre e cando dispoña de recursos propios non comprometidos coa súa actividade aseguradora suficientes para cubrir os requisitos do artigo 78.1 do regulamento.»

Cincuenta e catro. O punto 1 do artigo 80 ter queda redactado como segue:

«1. As entidades xestoras de fondos de pensións deberán establecer, documentar e manter en todo momento procedementos de control interno adecuados á súa organización e actividade respecto dos fondos de pensións xestionados. O consello de administración da entidade xestora será o responsable último de establecer, manter e mellorar tales procedementos de control interno. A dirección da entidade xestora será responsable da implementación dos procedementos de control interno, en liña coas directrices establecidas polo consello de administración, e poderase encomendar a entidades que contén cos medios e capacidade suficientes para o exercicio destas funcións.»

Cincuenta e cinco. O punto 7 do artigo 80 ter queda redactado como segue:

«7. Anualmente a entidade xestora elaborará un informe sobre a efectividade dos seus procedementos de control interno, no cal incidirá nas deficiencias significativas detectadas e nas súas implicacións e propondrá, de ser o caso, as medidas que se consideren adecuadas para a súa emenda. O referido informe será aprobado polo consello de administración da entidade xestora e remitido á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións xunto coa documentación estatístico-contable anual nos prazos establecidos para o efecto.»

Cincuenta e seis. O artigo 81 queda redactado como segue:

«Artigo 81. *Funcións das entidades xestoras de fondos de pensións.*

1. As entidades xestoras de fondos de pensións terán como funcións:

a) A intervención no outorgamento da correspondente escritura pública de constitución do fondo de pensións como, no seu día, as de modificación ou liquidación deste. De ser o caso, poderá colaborar ou realizar outras tarefas relacionadas coa elaboración de tales documentos.

b) A xestión da contabilidade do fondo de pensións ao día e a rendición de contas na forma prevista neste regulamento.

c) A determinación dos saldos das contas de posición e dos dereitos e obrigacións derivados de cada plan de pensións integrado. Cursará as instrucións pertinentes para os traspasos das contas e dos dereitos implicados.

d) A emisión dos certificados de pertenza a plans de pensións, requiridos polos partícipes cuxos plans de pensións se integren no fondo.

A entidade xestora certificará anualmente as achegas realizadas e imputadas a cada partícipe, así como o valor a fin de exercicio dos seus dereitos consolidados, sen prexuízo das obrigacións de información contidas neste regulamento.

Nos plans de pensións en que interveña un actuario na realización dos servizos actuariais necesarios para o desenvolvemento ordinario do plan, a certificación de dereitos consolidados a que fai referencia o punto anterior deberá realizarse con base nos cálculos efectuados por tal actuario.

e) A determinación do valor da conta de posición mobilizable a outro fondo de pensións, cando así o solicite o correspondente plan.

f) O control da entidade depositaria do fondo de pensións, en canto ao estricto cumprimento das obrigacións desta, coa excepción da función de control sobre a entidade xestora, a teor do principio de responsabilidade estipulado neste regulamento.

No exercicio desta actividade de control, a entidade xestora estará obrigada a informar inmediatamente a entidade depositaria de calquera incumprimento normativo ou anomalía significativa detectada na súa actividade que poida supor un prexuízo relevante para os partícipes e/ou beneficiarios e, en caso de que a entidade depositaria non adopte as medidas necesarias para a súa emenda no prazo dun mes desde que foi comunicado, deberá informar diso a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

g) O control da política de investimentos dos fondos de pensións xestionados nos termos descritos no artigo 81 bis.

h) A conservación e custodia da documentación relativa aos partícipes e beneficiarios dos plans e fondos de pensións cuxa xestión lle fose encomendada.

2. Serán funcións das mencionadas entidades xestoras nos termos expresamente establecidos pola comisión de control do fondo de pensións e coas limitacións que esta coide pertinente:

a) A selección dos investimentos que realizará o fondo de pensións, de acordo coas súas normas de funcionamento e as prescricións administrativas aplicables sobre tal materia.

b) Ordenar a compra e venda de activos do fondo de pensións.

c) O exercicio dos dereitos derivados dos títulos e demais bens integrantes do fondo, cando así llo delegase a comisión de control do fondo.

d) A autorización para o traspaso de contas de posición a outros fondos.

3. A entidade xestora poderá delegar as funcións que lle corresponden segundo a normativa vixente, logo de comunicación á comisión de control do fondo de pensións, con excepción da función de vixilancia da entidade depositaria, sempre que esa delegación se produza en entidades que contén cos medios e capacidade suficientes para o exercicio das funcións delegadas.

En ningún caso, a responsabilidade da entidade xestora fronte aos partícipes e beneficiarios se verá afectada pola delegación de funcións.

A delegación non se poderá efectuar na entidade depositaria do fondo de pensións nin na entidade promotora.

Esta delegación deberá cumprir coas normas de conduta establecidas no artigo 85 bis deste regulamento.

Ademais, os terceiros nos cales se delegasen funcións non poderán subdelegar ningunha das funcións que fosen delegadas neles, excepto naqueles supostos nos cales a entidade xestora, logo de comunicación á comisión de control do fondo de pensións, o autorízase expresamente.

A entidade xestora deberá establecer os mecanismos e procedementos de control necesarios para exercer a función de control sobre as entidades delegadas. A función de control establecida neste punto non poderá ser obxecto de delegación en terceiras entidades.»

Cincuenta e sete. O punto 1 do artigo 81 bis queda redactado como segue:

«1. De conformidade cos principios da política de investimento do fondo de pensións e, de ser o caso, por exercicio das funcións delegadas á entidade xestora contidas no artigo 81.2, o consello de administración da entidade xestora será responsable de fixar e aprobar os parámetros sobre a base dos cales se desenvolverá a política de investimento estratéxico do fondo de pensións, considerando a relación activo-obrigacións dos plans integrados, a tolerancia global ao risco do fondo de pensións e a liquidez das posicións en diferentes escenarios. En particular, deberá asegurarse a identificación, seguimento, medición, información e control dos riscos relacionados coas actividades, procedementos e políticas de investimento adoptadas nos fondos de pensións. En todo caso, evitarase a dependencia exclusiva e automática das cualificacións crediticias nas políticas de investimento dos fondos de pensións xestionados. A dirección da entidade xestora será responsable da implementación de tales políticas e medidas.»

Cincuenta e oito. O punto 1 do artigo 82 queda redactado como segue:

«1. A custodia ou depósito dos valores mobiliarios e demais activos integrados nos fondos de pensións corresponderá a unha entidade depositaria establecida en

España. Poderán ser entidades depositarias de fondos de pensións as entidades que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Ser entidade de crédito conforme a normativa vixente en materia de entidades de crédito.
- b) Ter en España o seu domicilio social ou unha sucursal.
- c) Ter como actividade autorizada a recepción de fondos do público en forma de depósito, contas correntes ou outras análogas que leven consigo a obrigaición da súa restitución e, como depositarias de valores negociables e outros instrumentos financeiros, a custodia e administración por conta dos seus titulares.
- d) Estar inscrita no Rexistro especial de entidades depositarias de fondos de pensións da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.»

Cincuenta e nove. O artigo 83 queda redactado como segue:

«Artigo 83. *Funcións das entidades depositarias de fondos de pensións.*

1. A entidade depositaria dun fondo de pensións terá as seguintes funcións:

- a) A intervención no outorgamento das escrituras de constitución e, de ser o caso, de modificación ou liquidación do fondo de pensións.
- b) A canalización do traspaso da conta de posición dun plan de pensións a outro fondo.

c) A custodia ou depósito dos instrumentos financeiros que poidan ser entregados fisicamente, así como daqueles que estean representados mediante anotacións en conta no sistema correspondente e consignados nunha conta de valores rexistrada no depositario. Para tal fin o depositario deberá establecer un procedemento interno que lle permita individualizar nos seus libros ou rexistros a posición de cada fondo de pensións.

d) Cando por tratarse de activos distintos dos mencionados na letra anterior non poidan ser obxecto de depósito, o depositario deberá:

1.º Comprobar que a propiedade dos activos pertence ao fondo de pensións e dispor dos certificados ou outros documentos acreditativos que xustifiquen a posición declarada pola xestora.

2.º Levar un rexistro debidamente actualizado onde figuren os activos cuxa propiedade pertenza ao fondo de pensións.

e) Intervir na liquidación de todas as operacións en que sexa parte o fondo de pensións. Ademais, tratándose de instrumentos financeiros, a entidade depositaria poderá intervenir na execución das operacións, cando o acordase coa entidade xestora. Non obstante, cando o requira a natureza dos activos ou as normas do sistema ou mercado de que se trate, o depositario intervirá na execución, seguindo as instrucións da entidade xestora.

f) O cobramento dos rendementos dos investimentos e a materialización doutras rendas, vía transmisión de activos e cantas operacións deriven do propio depósito de valores.

g) A instrumentación dos cobramentos e pagamentos que poidan derivar por calquera concepto do desenvolvemento da actividade de plans e fondos de pensións. Para tal efecto, as entidades depositarias xunto ás xestoras deberán establecer os mecanismos e procedementos adecuados para garantir que en ningún caso a realización dos cobramentos e pagamentos se fai sen o seu consentimento.

Corresponderá á entidade depositaria, seguindo as instrucións da entidade xestora, a apertura das contas e depósitos das cales sexa titular o fondo de pensións, así como a autorización para dispor dos saldos das contas pertencentes ao fondo.

h) O control da sociedade xestora do fondo de pensións, en canto ao estrito cumprimento das obrigacións desta, a excepción da función de control sobre a entidade depositaria, a teor do principio de responsabilidade estipulado neste regulamento.

Esta función de control deberá incluír, entre outros:

1.º O control por parte da entidade depositaria de que as disposicións de fondos correspondentes a un fondo de pensións se corresponden con pagamentos derivados de prestacións, mobilizacións de dereitos consolidados e demais operacións e gastos dos plans e fondos de pensións.

2.º A adecuación dos investimentos do fondo á declaración comprensiva dos principios da súa política de investimento, así como a verificación de que as porcentaxes en que estea investindo o fondo de pensións están dentro dos límites establecidos regulamentariamente. Estas comprobacións e verificacións realizaranse con periodicidade trimestral.

3.º A verificación dos métodos de valoración e dos criterios utilizados para o cálculo do valor liquidativo. Cando o patrimonio dos fondos estea investido en activos non negociados en mercados secundarios oficiais, noutros mercados regulados ou en sistemas multilaterais de negociación, o depositario deberá verificar que os parámetros utilizados na valoración dos activos, de acordo cos procedementos de valoración da entidade xestora, son adecuados.

Para o exercicio da función de vixilancia, a entidade xestora estará obrigada a subministrar á entidade depositaria toda a información que para o exercicio das súas funcións lle sexa requirida por esta.

No exercicio desta actividade de control, a entidade depositaria estará obrigada a informar inmediatamente a entidade xestora de calquera incumprimento normativo ou anomalía significativa detectada na súa actividade que poida supor un prexuízo relevante para os partícipes e/ou beneficiarios e, en caso de que a entidade xestora non adopte as medidas necesarias para a súa emenda no prazo dun mes desde que se comunicou, deberá informar diso a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

2. A entidade depositaria poderá delegar as funcións que lle corresponden segundo a normativa vixente, logo de comunicación á comisión de control do fondo de pensións, coa excepción da función de vixilancia da entidade xestora, sempre que tal delegación se produza en entidades que contén cos medios e capacidade suficientes para o exercicio das funcións delegadas. En ningún caso, a responsabilidade da entidade depositaria fronte aos partícipes se verá afectada pola delegación de funcións.

A delegación non se poderá efectuar na entidade xestora do fondo de pensións, nin na entidade promotora, nin en entidades nas cales a entidade xestora delegase funcións nin en ningunha outra entidade cuxos intereses poidan entrar en conflito cos intereses dos partícipes e beneficiarios do fondo de pensións.

A entidade depositaria deberá establecer os mecanismos e procedementos de control necesarios para exercer a función de control sobre as entidades delegadas. A función de control establecida neste punto non poderá ser obxecto de delegación en terceiras entidades.

En todo caso, a realización dos cobramentos e pagamentos por parte das entidades delegadas que poidan derivar por calquera concepto do desenvolvemento da actividade de plans e fondos de pensións deberase realizar co consentimento e autorización previa da entidade depositaria.

No caso concreto da delegación da función de custodia dos activos do fondo, a entidade delegada deberá ser unha entidade domiciliada no territorio do Espazo Económico Europeo, autorizada como entidade de crédito ou empresa de servizos de investimento polas autoridades do Estado membro correspondente para a

custodia e depósito de valores e efectivo, ou ben entidades de terceiros países con establecemento permanente en España autorizado conforme a lexislación española como entidades de crédito ou empresas de servizos de investimento para a custodia de valores e efectivo. Ademais, deberá ser unha entidade participante nos sistemas de compensación, liquidación e rexistro dos mercados en que vaia operar.

3. Cada fondo de pensións terá unha soa entidade depositaria, sen prexuízo da contratación de diferentes depósitos de valores ou efectivo con outras entidades. A entidade depositaria do fondo de pensións é responsable da custodia dos valores ou efectivo do fondo de pensións sen que esta responsabilidade se vexa afectada polo feito de que se confíe a un terceiro a súa xestión, administración ou depósito.»

Sesenta. O artigo 84 queda redactado como segue:

«Artigo 84. *Retribucións das entidades xestoras e depositarias de fondos de pensións.*

1. As sociedades xestoras percibirán como retribución total polo desenvolvemento das súas funcións unha comisión de xestión establecida, de maneira expresa, dentro do límite fixado nas normas de funcionamento do fondo de pensións. Tales comisións estarán determinadas e individualizadas para cada un dos plans de pensións integrados no fondo de pensións.

En ningún caso as comisións devindicadas pola entidade xestora, incluíndo as retribucións correspondentes ás entidades nas cales se delegasen funcións, poderán resultar superiores, por todos os conceptos, ao 1,5 por cento anual do valor das contas de posición ás cales se deberán imputar. O límite equivalente resultará aplicable diariamente tanto a cada plan de pensións integrado como ao fondo de pensións no seu conxunto, e individualmente a cada partícipe e beneficiario.

O límite anterior poderase substituír polo 1,2 por cento anual do valor da conta de posición máis o 9 por cento da conta de resultados.

O cálculo da comisión en función da conta de resultados soamente se aplicará cando o valor liquidativo diario do fondo de pensións sexa superior a calquera outro alcanzado con anterioridade. Para estes efectos, o valor liquidativo diario máximo alcanzado polo fondo de pensións terase en conta durante un período de tres anos.

Para a implantación do sistema de comisións de xestión en función da conta de resultados tomarase como valor liquidativo máximo inicial de referencia o correspondente ao día anterior ao da súa implantación. No suposto de reimplantación do sistema de comisións de xestión en función de resultados, tomarase como valor liquidativo inicial de referencia o correspondente ao día anterior á reimplantación e co límite do valor liquidativo máximo dos tres anos anteriores.

2. As sociedades depositarias percibirán como retribución total polo desenvolvemento das súas funcións unha comisión de depósito establecida contractualmente entre a entidade depositaria e a entidade xestora, coa conformidade previa da comisión de control do fondo de pensións, de maneira expresa, dentro do límite fixado nas normas de funcionamento do fondo de pensións. Tales comisións estarán determinadas e individualizadas para cada un dos plans de pensións integrados no fondo de pensións.

En ningún caso as comisións devindicadas pola entidade depositaria, incluíndo as retribucións correspondentes ás entidades nas cales se delegasen funcións, poderán resultar superiores ao 0,25 por cento do valor das contas de posición ás cales se deberán imputar. O límite equivalente resultará aplicable diariamente tanto a cada plan de pensións integrado como ao fondo de pensións no seu conxunto, e individualmente a cada partícipe e beneficiario. Con independencia desta comisión, as entidades depositarias poderán percibir comisións pola liquidación de operacións

de investimento, sempre que sexan conformes coas normas xerais reguladoras das correspondentes tarifas.

3. Cando o fondo de pensións ou o plan de pensións de emprego teña a titularidade dunha conta de participación noutro fondo de pensións ou invista en institucións de investimento colectivo ou invista en entidades de capital risco, o límite anterior operará conxuntamente sobre as comisións acumuladas que percibirán as distintas entidades xestoras e depositarias ou institucións.

Así mesmo, a remuneración a cargo do fondo de pensións derivada dos contratos de xestión e depósito dos activos financeiros, así como da utilización de contas globais prevista no artigo 74.2, incluírase dentro da correspondente ás entidades xestora e depositaria do fondo de pensións, e non poderá superar os límites establecidos neste artigo.

4. As entidades xestoras de fondos de pensións deberán comunicar á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións as porcentaxes que hai que aplicar en cada momento en concepto de comisión de xestión e de depósito acordados para cada plan de pensións no momento da súa integración nos fondos de pensións e as modificacións posteriores, dentro do prazo do 10 días desde a formalización do plan ou desde o acordo de modificación. A mesma obrigañón establécese para a canalización de contas de posición de plans a fondos abertos, así como a participación de fondo de pensións en fondos abertos.

A obrigañón de comunicación establecida no parágrafo anterior esténdese igualmente ás entidades xestoras dos fondos de pensións abertos en relación coas comisións de xestión e depósito aplicables ás contas de participación correspondentes a fondos de pensións investidores e a plans de pensións de emprego investidores.

As comisións establecidas neste artigo non poderán ser aplicadas mentres non se produza a comunicación a que se refire este punto. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá dar publicidade a tales comisións.»

Sesenta e un. Modifícanse os puntos 6, 7, 8 e 9 e engádese un novo punto 10 ao artigo 85, que quedan redactados como segue:

«6. A substitución ou nova designación de xestora e depositaria dun fondo de pensións non estará suxeita a autorización administrativa, ben que deberá ser comunicada á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións no prazo máximo de 10 días desde a adopción do acordo pola comisión de control do fondo, xuntando certificación dos acordos correspondentes.

Unha vez comunicada a substitución, outorgarase a correspondente escritura pública, na cal se incorporará ou se fará constar a acreditación da referida comunicación.

A escritura de substitución inscribírase no Rexistro Mercantil e no Rexistro administrativo segundo o procedemento establecido no punto 2 do artigo 60.

7. A fusión e escisión de entidades xestoras de fondos de pensións requirirá autorización administrativa previa da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións sobre o proxecto e, de ser o caso, o cumprimento dos requisitos previstos neste regulamento para a autorización e inscrición da nova entidade ou novas entidades resultantes ou beneficiarias da escisión que pretendan ser xestoras de fondos de pensións.

Unha vez autorizado o proxecto, dentro do prazo de seis meses desde a notificación da autorización, deberase outorgar e inscribir no Rexistro Mercantil a escritura pública correspondente e solicitar a inscrición no Rexistro administrativo da fusión ou escisión e, de ser o caso, da nova ou novas entidades resultantes. En caso contrario, transcorrido ese prazo a autorización previa quedará sen efecto salvo causa xustificada.

O previsto neste punto enténdese sen prexuízo do disposto na Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, en materia de notificacións e procedementos

de autorización de concentracións económicas e das competencias atribuídas por esa lei aos órganos correspondentes de defensa da competencia. Se a operación de fusión supera os limiares previstos no artigo 8.1.a) ou b) da Lei 15/2007, do 3 de xullo, as entidades participantes deberán notificar a operación nos termos previstos no artigo 9 da citada lei, comunicando ao mesmo tempo á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións esta notificación. Consecuentemente, o procedemento previsto neste punto suspenderase ata a terminación do procedemento eventualmente iniciado polos órganos de defensa da competencia ou, de ser o caso, ata o levantamento da suspensión de acordo co artigo 9.6 da Lei 15/2007. O previsto neste parágrafo será de aplicación á escisión cando supoña o traspaso da parte segregada a outra entidade preexistente.

No caso de xestoras de fondos de pensións que sexan entidades aseguradoras, o procedemento administrativo para a fusión e escisión rexerese pola normativa específica de entidades aseguradoras, sen prexuízo do previsto nos parágrafos seguintes.

A entidade resultante da fusión subrogarase nas funcións de entidade xestora dos fondos de pensións da xestora ou xestoras absorbidas mentres non se acorde a súa substitución polas respectivas comisións de control dos fondos afectados.

En caso de escisión dunha entidade xestora de fondos de pensións, as funcións de xestora dos fondos de pensións afectados corresponderán á entidade ou entidades sinaladas nos acordos de escisión, que se subrogarán, de ser o caso, nas funcións da entidade escindida, mentres non se acorde a súa substitución polas respectivas comisións de control dos fondos.

Unha vez inscrita no Rexistro Mercantil a escritura de fusión ou escisión, o rexistrador anotará nas follas dos fondos afectados os cambios de entidade xestora que deriven de tales procesos. Do mesmo modo, ao inscribir a fusión ou escisión no Rexistro administrativo de entidades xestoras de fondos de pensións, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións anotará no Rexistro administrativo de fondos de pensións os cambios de xestora a que dean lugar.

8. A fusión ou escisión que afecte entidades depositarias de fondos de pensións deberá comunicarse á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións no prazo máximo de dez días desde a adopción dos acordos correspondentes.

A entidade de crédito resultante da fusión subrogarase nas funcións de entidade depositaria dos fondos de pensións da depositaria ou depositarias absorbidas, mentres non se acorde a súa substitución polas respectivas comisións de control dos fondos.

En caso de escisión dunha entidade depositaria de fondos de pensións, as funcións de depositaria dos fondos de pensións afectados corresponderán á entidade ou entidades sinaladas nos acordos de escisión, subrogándose de ser o caso nas funcións da entidade escindida, mentres non se acorde a súa substitución polas respectivas comisións de control dos fondos.

Unha vez inscrita a fusión ou escisión no rexistro correspondente do Banco de España, no prazo máximo de dez días desde esa inscrición, a entidade resultante deberá solicitar a baixa da entidade disolta no Rexistro administrativo especial de entidades depositarias de fondos de pensións e, de ser o caso, solicitar a alta nel da entidade ou entidades de crédito resultantes.

9. Os cambios que se produzan no control das entidades xestoras e a substitución dos seus conselleiros deberán ser postos en coñecemento das comisións de control dos fondos dentro dos procesos de información previstos neste regulamento.

10. O ministro de Economía e Competitividade poderá ditar normas específicas sobre os procedementos previstos neste artigo.»

Sesenta e dous. O punto 1 do artigo 85 ter queda redactado como segue:

«1. Considéranse operacións vinculadas as que realizan as persoas que se enumeran a continuación con relación ás operacións a que se refire o punto 2.

a) As entidades xestoras e as entidades depositarias entre si cando afectan un fondo de pensións respecto do que actúan como xestora e depositario, respectivamente, e as que se realizan entre as entidades xestoras e quen desempeña nelas cargos de administración e dirección.

b) As entidades xestoras ou depositarias con quen desempeña nelas cargos de administración e dirección cando afectan un fondo de pensións respecto do cal actúan como xestora ou depositario.

c) As entidades xestoras, cando afectan un fondo de pensións respecto do cal actúan como xestora; e as entidades depositarias cando afectan un fondo de pensións respecto do cal actúan como depositario, con calquera outra entidade que pertenza ao seu mesmo grupo, segundo se define no artigo 42 do Código de comercio.

d) As entidades xestoras, cando afectan un fondo de pensións respecto do cal actúan como xestora; e as entidades depositarias cando afectan un fondo de pensións respecto do cal actúan como depositario, con calquera promotor ou entidade do seu grupo, que o sexa de plans de pensións adscritos a ese fondo de pensións ou cos membros da comisión de control do fondo de pensións ou dos plans de pensións non integrados.

e) As entidades xestoras e as entidades depositarias con aquelas entidades nas cales delegasen funcións, cando afectan un fondo de pensións respecto do cal actúan como xestora e depositaria, respectivamente.

Sesenta e tres. O punto 4 do artigo 85 ter queda redactado como segue:

«4. As operacións vinculadas que alcancen un volume de negocio significativo deberán ser aprobadas polo consello de administración da entidade xestora e comunicadas á comisión de control do fondo de pensións correspondente, de acordo coas seguintes regras:

a) O asunto deberá incluírse na orde do día coa debida claridade.

b) Se algún membro do consello de administración se considera parte vinculada conforme o establecido neste artigo, deberase abster de participar na votación.

c) A votación será secreta.

d) O acordo deberá ser adoptado por maioría de dous terzos do total de conselleiros, excluíndo do cómputo os conselleiros que, de ser o caso, se absteñan de acordo co disposto na letra b.

e) Unha vez celebrada a votación e proclamado o resultado, será válido facer constar na acta as reservas ou discrepancias dos conselleiros respecto ao acordo adoptado.

A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións deberá determinar qué se entenderá, para efectos deste artigo, por volume de negocio significativo atendendo á dimensión da entidade xestora, ao patrimonio administrado e á contía e características da operación vinculada.»

Sesenta e catro. Os puntos 3 e 4 do artigo 85 quáter quedan redactados como segue:

«3. Os regulamentos internos de conduta das entidades xestoras, así como dos depositarios, deberán arbitrar as medidas necesarias que garantan que a información derivada das súas respectivas actividades non se encontra ao alcance, directa ou indirectamente, do persoal da outra entidade; para tal efecto, preverase a separación física dos recursos humanos e materiais dedicados á actividade de

xestión e depositaría e os instrumentos informáticos que impidan o fluxo da información que poida xerar conflitos de interese entre os responsables dunha e doutra actividade.

En particular, o regulamento interno deberá prever as seguintes normas de separación:

- a) A inexistencia de conselleiros ou administradores comúns.
- b) A dirección efectiva da sociedade xestora por persoas independentes do depositario.
- c) A dirección efectiva da sociedade depositaria por persoas independentes da entidade xestora.
- d) Que a entidade xestora e o depositario teñan domicilios diferentes e separación física dos seus centros de actividade.

As mencionadas medidas de separación deberanse cumprir igualmente naqueles supostos en que as entidades xestoras e depositarias delegasen as súas funcións en terceiras entidades nos termos establecidos neste regulamento.

4. A entidade xestora deberá manifestar no boletín de adhesión e na información trimestral que lles facilitará a partícipes e beneficiarios, calquera que sexa a modalidade de plan de pensións a que pertencen, o tipo exacto de relación que a vincula ao depositario, tomando como referencia, de ser o caso, a enumeración de circunstancias contidas no artigo 42 do Código de comercio.»

Sesenta e cinco. O punto 1 do artigo 86 queda redactado como segue:

«1. As entidades xestoras de fondos de pensións poderán contratar a xestión dos activos financeiros dos fondos de pensións que administran con terceiras entidades autorizadas, en diante entidades de investimento. Esta contratación someterase ao establecido neste capítulo.

Para os efectos desta norma, o contrato de xestión terá por obxecto a xestión individualizada dunha carteira de activos financeiros propiedade dun fondo de pensións por parte da entidade de investimento, a cal asume a selección de investimentos e a emisión de ordes de compra e venda por conta do fondo de pensións exclusivamente.

Non poderán ser obxecto do contrato de xestión os activos financeiros emitidos ou avalados pola entidade de investimento parte do contrato ou por empresas do grupo a que esta pertenza.

Para estes efectos, a pertenza a un mesmo grupo determinarase conforme o criterio sinalado no artigo 42 do Código de comercio.»

Sesenta e seis. O punto 1 do artigo 87 queda redactado como segue:

«1. As entidades de investimento coas cales se poderá contratar a xestión de activos financeiros deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Seren persoas xurídicas con domicilio social no territorio do Espazo Económico Europeo.
- b) Seren entidades de crédito, sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo, empresas de servizos de investimento, entidades aseguradoras que operen no ramo de vida, legalmente autorizadas para operaren en España polas autoridades de supervisión do Estado membro correspondente, para o desenvolvemento e exercicio da actividade que se propoñen contratar, conforme as seguintes directivas:

1.º Directiva 2002/83/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de novembro de 2002, sobre o seguro de vida.

2.º Directiva 2004/39/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de abril de 2004, relativa aos mercados de instrumentos financeiros, pola que se

modifican as directivas 85/611/CE e 93/6/CEE do Consello, e a Directiva 2000/12/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, e se derroga a Directiva 93/22/CEE, do Consello.

3.º Directiva 2009/65/CE do Parlamento e do Consello, do 13 de xullo de 2009, pola que se coordinan as disposicións legais, regulamentarias e administrativas sobre determinados organismos de investimento colectivo en valores mobiliarios (OICVM).

4.º Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, relativa aos xestores de fondos de investimento alternativos e pola que se modifican as directivas 2003/41/CE e 2009/65/CE e os regulamentos (CE) n.º 1060/2009 e (UE) n.º 1095/2010.

5.º Directiva 2013/36/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, relativa ao acceso á actividade das entidades de crédito e á supervisión prudencial das entidades de crédito e as empresas de investimento, pola que se modifica a Directiva 2002/87/CE e se derrogan as directivas 2006/48/CE e 2006/49/CE.

c) Tamén se poderá contratar a xestión de activos con outras entidades xestoras de fondos de pensións autorizadas conforme o artigo 78, así como con entidades de terceiros países a través dos seus establecementos permanentes en España, autorizados conforme a lexislación española nos termos da letra b) anterior.

Sesenta e sete. O punto 2 do artigo 92 queda redactado como segue:

«2. En todo caso, a remuneración a cargo do fondo de pensións derivada dos contratos de xestión e depósito dos activos financeiros incluírase dentro da correspondente ás entidades xestora e depositaria do fondo de pensións, e non poderá superar os límites establecidos no artigo 84.»

Sesenta e oito. O punto 2 do artigo 100 queda redactado como segue:

«2. A publicidade relativa aos plans e fondos de pensións deberá transmitir aos seus destinatarios unha información veraz, eficaz e suficiente sobre as características esenciais do plan de pensións ou dos servizos ou produtos relacionados con el e deberá, polo menos, cumprir os seguintes requisitos:

a) A identificación da entidade promotora do plan e da xestora e depositaria do fondo correspondente, destacada de forma suficiente mediante nomes comerciais ou marcas, salvo que estas poidan inducir a confusión, caso en que se empregará a denominación social.

b) Facer referencia á existencia do documento cos datos fundamentais para o partícipe regulado no artigo 48 deste regulamento e o lugar ou forma en que se pode acceder ao seu contido. En ningún caso a publicidade sobre o plan de pensións pode entrar en contradición co disposto no dito documento.

c) No caso de que a publicidade dun plan de pensións comprenda a oferta doutras operacións, servizos ou produtos, o seu contido deberá identificar os distintos oferentes, de ser o caso, e distinguir claramente as propostas contractuais diferentes do propio plan de pensións.

d) Cando a publicidade inclúa referencias á rendibilidade obtida polo plan, deberase facer constar o período de obtención, o seu equivalente calculado sobre unha base anual, a identificación do auditor do fondo de pensións e informar de maneira clara e precisa de que resultados históricos non son indicadores de resultados futuros. A oferta de compromisos de revalorización dos dereitos consolidados, non asumidos polo propio plan, deberá identificar claramente a entidade garante.»

Sesenta e nove. O artigo 101 queda redactado como segue:

«Artigo 101. *Contratación de plans de pensións.*

1. A contratación dun plan de pensións formalizarase mediante un documento ou boletín de adhesión suscrito polo partícipe conxuntamente co promotor do plan, coa xestora e depositaria, de conformidade co previsto neste artigo.

O anterior entenderase sen prexuízo de que a comercialización a realice directamente a entidade xestora ou as persoas ou entidades a que se refire o artigo 26 bis do texto refundido da lei que subscribisen un acordo de comercialización con aquela.

Non serán por conta do partícipe subscritor do plan de pensións os gastos inherentes á contratación do plan nin as remuneracións ou comisións establecidas polos servizos de comercialización ou mediación naquela.

En ningún caso se poderán emitir boletíns ou documentos de adhesión a un plan de pensións que incorporen a contratación de operacións, produtos ou servizos distintos daquel.

2. O boletín de adhesión para os plans de pensións de emprego e asociados conterá información, polo menos, sobre os seguintes aspectos:

a) A denominación, sistema e modalidade do plan de pensións.
b) A denominación do fondo e número identificativo no rexistro especial.
c) A denominación e domicilio social do promotor do plan, así como da xestora e depositaria do fondo correspondente co seu número identificativo nos rexistros especiais correspondentes. Se intervéñen un comercializador, a súa identidade.

d) A lexislación aplicable ao contrato, con especial referencia á normativa fiscal.

e) Réxime de achegas e continxencias cubertas sinalando, nas que así proceda, que se determinarán conforme o réxime da Seguridade Social aplicable ao partícipe.

Sinalarase o destino das achegas e prestacións, conforme este regulamento, das persoas sen posibilidade de acceso á xubilación que non figuren de alta nin coticen en ningún réxime da Seguridade Social.

Indicarase, de ser o caso, a posibilidade de continuar realizando achegas tras o acaecemento das continxencias de xubilación, incapacidade e dependencia, e poderase solicitar o cobramento da prestación con posterioridade.

Indicaranse os límites das achegas, con advertencia das sancións administrativas previstas no texto refundido da lei por incumprimento dos citados límites.

f) Réxime de prestacións, posibles beneficiarios, formas de cobramento e grao de aseguramento ou garantía das prestacións, con identificación, de ser o caso, da denominación e domicilio social da entidade aseguradora ou garante.

Procedemento para a solicitude das prestacións por parte do beneficiario, con especial referencia á data de valoración dos dereitos consolidados para efectos do pagamento de prestacións.

g) O boletín deberá conter espazos para a designación de beneficiarios en caso de falecemento do partícipe, e advertir de que os designados deben ser en todo caso persoas físicas.

h) Supostos excepcionais de liquidez, de ser o caso.

i) Indicacións sobre o cálculo do dereito consolidado, condicións, procedementos e prazos para a mobilización de dereitos consolidados ou económicos, indicando a data de valoración dos dereitos para estes efectos.

j) Comisións de xestión e depósito aplicables.

k) Informarase do dereito a solicitar a remisión da información trimestral a que se refire este regulamento e incluírá un espazo para o exercicio desta opción.

l) Instancias de reclamación utilizables en caso de litixio.

m) Destacaranse de modo especial as seguintes indicacións:

1.º Reflectirase claramente o carácter non reembolsable do dereito consolidado ata a produción dalgunha das continxencias cubertas ou, de ser o caso, nos supostos excepcionais de liquidez.

2.º Sinalarase o lugar e a forma en que o partícipe poderá acceder en calquera momento ao contido das especificacións do plan de pensións e ás normas de funcionamento do fondo, á declaración da política de investimento, á información periódica, documentos que, en calquera caso, deberán estar á disposición dos partícipes e beneficiarios.

3.º Indicación do dereito do partícipe a solicitar o envío telemático da información periódica. Para tal efecto, o boletín de adhesión deberá conter un espazo específico para a designación da conta de correo electrónico á cal se lle remitirá a información e o enderezo electrónico da entidade a que poderá comunicar en calquera momento a súa renuncia á vía telemática.

Non obstante, no caso dos plans de pensións do sistema de emprego, a emisión de boletíns de adhesión individuais será opcional, segundo o acordado pola empresa coa representación dos traballadores. A incorporación do traballador ao plan poderase realizar mediante boletíns colectivos ou directamente pola comisión promotora ou de control segundo o previsto no artigo 28 e sempre que o potencial partícipe non solicítase por escrito a súa exclusión.

En todo caso, facilitaráselle a cada partícipe incorporado que o solicite un certificado de pertenza ao plan segundo o sinalado no artigo 34.

3. O boletín de adhesión dos plans de pensións individuais conterá información, ao menos, sobre os seguintes aspectos:

- a) A denominación, sistema e modalidade do plan de pensións.
- b) A denominación do fondo e número identificativo no rexistro especial.
- c) A denominación e domicilio social do promotor do plan, así como da xestora e depositaria do fondo correspondente co seu número identificativo nos rexistros especiais correspondentes. Se intervéñ un comercializador, a súa identidade.
- d) A lexislación aplicable ao contrato.
- e) O boletín deberá conter espazos para a designación de beneficiarios en caso de falecemento do partícipe e advertir de que os designados deben ser, en todo caso, persoas físicas.
- f) Informarase do dereito a solicitar a remisión da información trimestral a que se refire este regulamento e incluírá un espazo para o exercicio desta opción.
- g) Indicación do dereito do partícipe a solicitar o envío telemático da información periódica. Para tal efecto, o boletín de adhesión deberá conter un espazo específico para a designación da conta de correo electrónico á cal se lle remitirá a información, e o enderezo electrónico da entidade á cal poderá comunicar en calquera momento a súa renuncia á vía telemática.
- h) Instancias de reclamación utilizables en caso de litixio, indicando a denominación e domicilio do defensor do partícipe. Destacaranse de modo especial as seguintes indicacións:

1.º Indicarase a circunstancia de que o partícipe recibiu o documento cos datos fundamentais para o partícipe, o cal se incorporará como anexo a este boletín.

2.º Reflectirase claramente o carácter non reembolsable do dereito consolidado ata a produción dalgunha das continxencias cubertas ou, de ser o caso, nos supostos excepcionais de liquidez.

3.º Destacarase expresamente que os plans de pensións individuais non garanten rendibilidade e advertirse da posibilidade de incorrer en perdas. Non obstante, cando o plan de pensións conte cunha garantía financeira externa das previstas no artigo 77 deste regulamento, o boletín de adhesión poderá facer referencia a ela, de forma sucinta, indicándose que o detalle e as condicións daquela figuran en contrato á parte.

4.º Sinalarase o lugar e a forma en que o partícipe poderá acceder en calquera momento ao contido das especificacións do plan de pensións e ás normas de funcionamento do fondo, á declaración da política de investimento, á información periódica e relación trimestral de investimentos prevista por este regulamento, así como, de ser o caso, ao Regulamento de funcionamento do defensor do partícipe, documentos que, en calquera caso, deberán estar á disposición dos partícipes e beneficiarios.

En ningún caso poderán emitirse boletíns ou documentos de adhesión a un plan de pensións que incorporen a contratación de operacións, produtos ou servizos distintos daquel.

4. A contratación de plans de pensións poderase realizar por vía electrónica, de conformidade coa Lei 56/2007, do 28 de decembro, de medidas de impulso da sociedade da información.

O ministro de Economía e Competitividade poderá establecer especialidades e limitacións con respecto ás normas que, con carácter xeral, regulan a contratación por vía electrónica, atendendo ás particularidades que poidan resultar da contratación dos plans de pensións e dos seus partícipes.

5. O ministro de Economía e Competitividade poderá ditar normas en desenvolvemento do previsto neste artigo na medida en que o coide necesario para fomentar os procedementos e as formalidades de contratación máis adecuados en interese dos usuarios.»

Setenta. O punto 3 da disposición adicional primeira queda redactado como segue:

«3. Os compromisos asumidos polas empresas cos traballadores que extingan a súa relación laboral e pasen á situación legal de desemprego polas causas previstas nos artigos 49.1.g), 51, 52 e 57.bis do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, que consistan no pagamento de prestacións con anterioridade á xubilación, poderán ser obxecto de instrumentación, con carácter voluntario, de acordo co réxime previsto na referida disposición adicional primeira do texto refundido da lei, caso en que se someterán á normativa financeira e fiscal derivada daquela. O disposto no parágrafo anterior será aplicable ás prestacións pagadoiras ao traballador afectado mentres non acceda á xubilación, así como ás reversións de tales prestacións por falecemento producidas antes do acceso á xubilación.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, estarán suxeitos necesariamente á disposición adicional primeira do texto refundido da lei os compromisos referidos aos traballadores que extingan a relación laboral vinculados especificamente ás contingencias de incapacidade permanente e dependencia, e as prestacións pagadoiras a eles por ou a partir da xubilación, así como as de falecemento antes ou despois da xubilación distintas das reversións sinaladas no parágrafo anterior.»

Setenta e un. A disposición adicional segunda queda redactada como segue:

«Disposición adicional segunda. *Prazo de resolución das solicitudes de autorización e inscrición administrativa.*

As peticións de autorizacións administrativas e de inscrición reguladas neste regulamento deberán ser resoltas e notificadas dentro dos tres meses seguintes á data de presentación da solicitude e o silencio administrativo terá carácter positivo.»

Setenta e dous. Engádesse unha nova disposición adicional quinta coa seguinte redacción:

«Disposición adicional quinta. *Mobilización de dereitos entre plans de previsión asegurados e de plans de previsión asegurados a plans de pensións e a plans de previsión social empresarial.*

O tomador dun plan de previsión asegurado poderá mobilizar a totalidade ou parte da súa provisión matemática a outro ou outros plans de previsión asegurados dos que sexa tomador, ou a un ou varios plans de pensións do sistema individual,

asociado ou de emprego dos que sexa participe, a un plan ou plans de previsión social empresarial dos que sexa asegurado. Unha vez alcanzada a continxencia, a mobilización só será posible se as condicións do plan de previsión asegurado o permiten.

Para a mobilización, o tomador ou beneficiario do plan de previsión asegurado deberase dirixir á entidade aseguradora ou xestora de destino, para iniciar o traspaso.

Para tal fin, o asegurado deberá presentar a solicitude de mobilización, que deberá incluír a identificación do plan de previsión asegurado de orixe desde o cal se realizará a mobilización e a entidade aseguradora de orixe así como, de ser o caso, o importe que se vai mobilizar e unha autorización do tomador ou beneficiario á entidade aseguradora ou entidade xestora de destino para que, no seu nome, poida solicitar á entidade aseguradora de orixe a mobilización da provisión matemática, así como toda a información financeira e fiscal necesaria para realizalo.

A solicitude deberase realizar mediante escrito asinado polo tomador ou beneficiario ou calquera outro medio do cal quede constancia, para aquel e para a entidade receptora, do seu contido e presentación.

A solicitude do tomador ou beneficiario presentada nun establecemento da entidade promotora do plan de pensións de destino ou do depositario de destino ou de comercializadores de destino entenderase presentada na entidade xestora de destino, salvo que de maneira expresa as especificacións do plan de pensións de destino o limiten á entidade xestora e, de ser o caso, a determinados comercializadores. De ser o caso, a presentación da solicitude en calquera establecemento da rede comercial da aseguradora de destino entenderase presentada nesta salvo que as condicións do plan de previsión asegurado de destino o limiten á entidade aseguradora e, de ser o caso, a determinados mediadores.

No prazo máximo de dous días hábiles desde que a entidade aseguradora ou entidade xestora de destino dispoña da totalidade da documentación necesaria, esta deberá, ademais de comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos regulamentariamente para a mobilización, solicitar á entidade aseguradora de orixe o traspaso da provisión matemática, con indicación, ao menos, do plan de previsión asegurado de destino ou plan de previsión social empresarial de destino, entidade aseguradora de destino e datos da conta a que se debe efectuar a transferencia ou, noutro caso, indicación do plan de pensións de destino, fondo de pensións de destino a que estea adscrito, entidade xestora e depositaria do fondo de destino, e os datos da conta a que se debe efectuar a transferencia.

Nun prazo máximo de cinco días hábiles contado desde a recepción por parte da entidade aseguradora de orixe da solicitude, esta entidade deberá ordenar a transferencia bancaria e remitir á entidade aseguradora ou xestora de destino toda a información financeira e fiscal necesaria para o traspaso.

A entidade xestora ou aseguradora de destino conservará a documentación derivada das mobilizacións á disposición da entidade aseguradora de orixe e da entidade de depositaria de destino, de ser o caso, así como á disposición das autoridades competentes.

En caso de que a entidade aseguradora de orixe sexa, pola súa vez, a aseguradora do plan de previsión asegurado de destino ou do plan de previsión social empresarial de destino ou a xestora do plan de pensións de destino, o tomador deberá indicar na súa solicitude o importe que desexa mobilizar, de ser o caso, e o plan de previsión asegurado de destino ou o plan de previsión social empresarial de destino ou, noutro caso, o plan de pensións destinatario e o fondo de pensións de destino a que estea adscrito. A entidade aseguradora de orixe deberá emitir a orde de transferencia no prazo máximo de tres días hábiles desde a data de presentación da solicitude.

Para a valoración da provisión matemática tomarase como data o día en que se faga efectiva a mobilización. Non obstante, o contrato de seguro poderá referir a valoración ao día hábil anterior á data en que se faga efectiva.

No caso de que a entidade conte con investimentos afectos, o valor da provisión matemática que se vaia mobilizar será o valor de mercado dos activos asignados.

Non se poderán aplicar penalizacións, gastos ou descontos ao importe desta mobilización.

Os partícipes e beneficiarios dun plan de pensións individual ou asociado, así como, de ser o caso, os partícipes dun plan de pensións de emprego, poderán mobilizar a totalidade ou parte dos dereitos consolidados e económicos a plans de previsión asegurados, conforme o disposto neste regulamento.

Nos procedementos de mobilizacións a que se refire este punto autorízase que a transmisión da solicitude de traspaso, a transferencia de efectivo e a transmisión da información entre as entidades intervenientes se poidan realizar a través do sistema nacional de compensación electrónica, mediante as operacións que, para estes supostos, se habiliten en tal sistema.

Para o cumprimento de requisito previsto no punto 1 do artigo 49 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, nos supostos de mobilización dun plan de previsión asegurado a outro plan de previsión asegurado ou dun plan de pensións a un plan de previsión asegurado, ou dun plan de previsión social empresarial a un plan de previsión asegurado, computaranse só as primas e a provisión matemática do novo contrato de seguro. Para estes efectos, no plan de previsión asegurado de orixe, no momento da mobilización, tamén se deberá cumprir o requisito previsto no punto 1 do artigo 49 dese regulamento.»

Setenta e tres. Engádese unha nova disposición adicional sexta coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sexta. *Mobilización de dereitos entre plans de previsión social empresarial e de plans de previsión social empresarial a plans de pensións e plans de previsión asegurados.*

Os asegurados dos plans de previsión social empresarial unicamente poderán exercer o dereito de rescate no suposto de extinción da relación laboral e só se estiver previsto nas condicións xerais, especiais ou particulares da póliza, e poderán integrar os seus dereitos económicos noutros plans de previsión social empresarial, en plans de previsión asegurados ou en plans de pensións.

Para a mobilización, o asegurado deberá dirixirse á entidade aseguradora ou xestora de destino para iniciar o seu traspaso.

Para tal fin, o asegurado deberalle xuntar á súa solicitude a identificación do plan de previsión social empresarial e entidade aseguradora de orixe desde o cal se realizará a mobilización, así como, de ser o caso, o importe que se vai mobilizar e unha autorización do asegurado á aseguradora ou entidade xestora de destino para que, no seu nome, poida solicitar á aseguradora do plan de previsión social empresarial de orixe a mobilización dos dereitos económicos, así como toda a información financeira e fiscal necesaria para realizalo.

A solicitude deberase realizar mediante escrito asinado polo asegurado ou calquera outro medio do cal quede constancia, para aquel e para a entidade receptora, do seu contido e presentación.

No prazo máximo de dous días hábiles desde que a entidade aseguradora ou entidade xestora de destino dispoña da totalidade da documentación necesaria, esta deberá, ademais de comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos regulamentariamente para a mobilización de tales dereitos, solicitar á entidade aseguradora do plan de previsión social empresarial de orixe o traspaso dos dereitos, con indicación, ao menos, do plan de previsión asegurado ou plan de previsión social empresarial, entidade aseguradora de destino e os datos da conta

de destino a que se debe efectuar a transferencia ou, no caso de mobilización a un plan de pensións, o plan e fondo de pensións de destino, o depositario deste e os datos da conta do fondo de pensións de destino a que se debe efectuar a transferencia.

Nun prazo máximo de 20 días hábiles contado desde a recepción por parte da entidade aseguradora de orixe da solicitude, esta entidade deberá ordenar a transferencia bancaria e remitir á aseguradora ou á xestora de destino toda a información relevante do asegurado, e comunicar a este o contido da dita información.

A entidade xestora ou aseguradora de destino conservará a documentación derivada das mobilizacións á disposición da entidade aseguradora de orixe e da entidade depositaria de destino, de ser o caso, así como á disposición das autoridades competentes.

Non se poderán mobilizar os dereitos económicos cando, co fin de instrumentar compromisos por pensións do tomador referidos a asegurados que extinguisen a súa relación laboral con aquel, as condicións da póliza prevexan a continuidade das achegas do tomador ao seu favor e, de ser o caso, as do asegurado que teñan carácter obrigatorio.

Así mesmo, os asegurados poderán exercer o seu dereito de rescate nos casos de desemprego de longa duración e enfermidade grave nos termos e condicións previstos para os plans de pensións.

Nos procedementos de mobilizacións a que se refire este punto autorízase que a transmisión da solicitude de traspaso, a transferencia de efectivo e a transmisión da información entre as entidades intervenientes se poidan realizar a través do sistema nacional de compensación electrónica, mediante as operacións que, para estes supostos, se habiliten en tal sistema.»

Setenta e catro. Engádesse unha nova disposición adicional sétima, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sétima. *Homoxeneización das obrigacións de información.*

Para os efectos de mellorar e homoxeneizar a información previa á contratación así como a información periódica, o ministro de Economía e Competitividade establecerá as obrigacións de información a partícipes, asegurados e mutualistas nos instrumentos de previsión social complementarios que reducen a base imponible xeral do imposto sobre a renda das persoas físicas, segundo o artigo 51 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas, no que non estea regulado en normas de rango superior.»

Artigo 2. *Modificación do Regulamento sobre a instrumentación dos compromisos por pensións das empresas cos traballadores e beneficiarios, aprobado polo Real decreto 1588/1999, do 15 de outubro.*

O Regulamento sobre a instrumentación dos compromisos por pensións das empresas cos traballadores e beneficiarios, aprobado polo Real decreto 1588/1999, do 15 de outubro, queda modificado como segue:

Un. Os puntos 2 e 3 do artigo 29 quedan redactados como segue:

«2. Para efectos da cuantificación do dereito de rescate dos contratos regulados neste capítulo, aplicaranse as seguintes normas:

a) Cando para un determinado contrato o asegurador garanta un xuro técnico baseado no disposto no artigo 33.2 do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro,

a contía do dereito de rescate non poderá ser inferior ao valor das provisións de seguros de vida correspondentes á póliza.

Non obstante, en caso de que o tomador exerza o dereito de rescate previsto no punto 1.b) deste artigo, poderase acordar expresamente no contrato de seguro que instrumente compromisos por pensións que o valor de rescate non poida ser inferior ao valor de realización dos activos que representen o investimento das provisións de seguro de vida correspondentes. Para tal efecto, eses activos deberán estar identificados, recollidos no rexistro de investimentos e comunicados ao tomador.

b) Cando para un determinado contrato o asegurador garanta un xuro técnico baseado no disposto no artigo 33.2 do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, a contía do dereito de rescate non poderá ser inferior ao valor de realización dos activos que representen o investimento das provisións de seguros de vida correspondentes.

c) Se existe déficit na cobertura das provisións correspondentes, tal déficit non será repercutible no dereito de rescate.

d) Á contía do dereito de rescate non se lle poderá aplicar ningún tipo de penalizacións ou descontos.

No caso do dereito de rescate do traballador asegurado, cando as condicións contractuais refiran o valor de rescate ao valor de realización dos activos correspondentes á póliza, deberase prever no contrato a facultade do asegurado de permanecer no seguro colectivo en caso de cesamento da relación laboral co tomador.

e) Para os efectos do previsto neste punto entenderase por valor de realización dos activos o seu valor de mercado, definido como tal no plan de contabilidade das entidades aseguradoras.

3. O pagamento do dereito de rescate rexerá polas seguintes normas:

a) Nos casos de rescate por minoración ou supresión dos compromisos, e pola parte correspondente ás primas que non fosen imputadas fiscalmente aos traballadores, o importe do dereito de rescate poderase, de ser o caso, aboar directamente á empresa tomadora.

b) Nos casos de desemprego de longa duración ou enfermidade grave, nos termos previstos no punto 1.d) anterior, o pagamento realizaráselle directamente ao traballador.

c) No suposto de rescate previsto no punto 1.b) anterior, o importe do dereito de rescate deberá ser aboado directamente á nova aseguradora ou ao fondo de pensións en que se integre o novo plan de pensións, nos termos e cos límites establecidos na normativa aplicable.

d) No caso de rescate, con base nos supostos recollidos na letra c) do punto 1 anterior, o importe do dereito de rescate deberá ser aboado directamente a outro contrato de seguro dos regulados neste capítulo, incluídos os plans de previsión social empresarial, en que o traballador teña a condición de asegurado, ou a un plan de pensións de emprego en que o traballador poida ter a condición de partícipe ou, no seu defecto, a plans do sistema individual ou asociado ou a plans de previsión asegurados, sempre nos termos e cos límites establecidos na normativa aplicable.

Para os efectos do previsto nesta alínea d) será de aplicación o procedemento de mobilización de dereitos de plans de previsión social empresarial establecido na disposición adicional sexta do Regulamento de plans e fondos de pensións.

No suposto de mobilización deste importe a outro contrato de seguro dos regulados no presente capítulo, non lle será de aplicación a limitación establecida no artigo 28.2.

e) Será admisible que o pagamento do valor de rescate se realice mediante o traspaso dos activos, neto dos gastos precisos para efectuar os correspondentes cambios de titularidade.»

Dous. O artigo 34 queda redactado como segue.

«Artigo 34. *Réxime de información.*

1. Resultarán aplicables aos contratos de seguro regulados neste capítulo as normas de información contidas nos artigos 104, 105 e 106 do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados coas seguintes especialidades:

Con carácter xeral, nos seguros colectivos poderase efectuar a incorporación dos asegurados directamente á póliza por solicitude da empresa tomadora. Non obstante, será precisa a subscrición polos asegurados de boletíns de adhesión nos seguintes casos:

- a) Aqueles seguros en que os asegurados deban contribuír ao pagamento de primas.
- b) Os Seguros nos cales, existindo imputación fiscal das contribucións empresariais, esta non sexa obrigatoria de acordo coa lexislación vixente.

Non será necesaria a subscrición do boletín de adhesión nos seguros colectivos que sirvan para o aseguramento de plans de pensións.

Unha vez subscrito o boletín de adhesión ou, de ser o caso, incorporado o asegurado ao contrato, o asegurador emitirá e entregará un certificado individual de seguro. No caso en que se efectuase a incorporación de asegurados directamente á póliza por solicitude da empresa, o certificado individual de seguro indicará un prazo, non inferior a un mes, durante o cal o traballador poderá oporse expresamente á súa incorporación ao grupo asegurado. Así mesmo, nos seguros temporais de risco o asegurador emitirá e entregará certificados individuais de seguro con motivo da renovación do contrato.

Nos boletíns de adhesión e certificados de seguro deberá figurar a información que afecte os dereitos e as obrigacións dos asegurados. O asegurador informará por escrito sobre calquera cambio no contido de tales documentos.

O ministro de Economía e Competitividade, logo de informe da Xunta Consultiva de Seguros e Fondos de Pensións, poderá ditar normas de desenvolvemento e establecer obrigacións adicionais de información previa e durante a vixencia do seguro.

En todo caso, facilitaráselles aos asegurados a información a que se refire o artigo 5.1 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

O disposto neste punto 1 será aplicable aos plans de previsión social empresarial nos cales non será precisa a sinatura de boletíns de adhesión. Os asegurados poderanse incorporar directamente por solicitude da empresa tomadora nos termos antes sinalados.

2. Ao menos anualmente o traballador asegurado e os beneficiarios que xa perciban as súas prestacións con cargo ao contrato de seguro deberán recibir a seguinte información:

- a) Certificación da entidade aseguradora indicando o número de póliza, as contingencias cubertas e as prestacións individualmente garantidas.

Se o contrato recolle a existencia de dereitos económicos en caso de cesamento ou extinción da relación laboral, a certificación anual deberá facer referencia á existencia de tales dereitos, así como, de ser o caso, advertir expresamente da eventual diferenza que poida existir entre o valor de mercado dos activos correspondentes e o importe da provisión de seguros de vida.

- b) Valor das primas satisfeitas polo tomador no exercicio anterior.

c) Valor da provisión de seguros de vida en 31 de decembro do exercicio anterior.

A anterior información terá o carácter de mínima e poderase ampliar mediante acordo colectivo na empresa.

3. O traballador asegurado poderá solicitar información relativa á situación individualizada do pagamento de primas e o seu importe, os rescates e reducións efectuadas que o afecten e o importe do dereito de rescate que lle poida corresponder nunha data determinada, e a entidade aseguradora deberá informar o traballador no prazo de dez días desde a súa solicitude.

4. No caso de rescate por cambio de entidade aseguradora e no prazo dun mes desde a súa data de efecto, tanto a nova entidade aseguradora coma o tomador do seguro estarán obrigados a comunicar esta circunstancia. A nova entidade aseguradora remitirá neste prazo o correspondente certificado do novo seguro aos asegurados e aos beneficiarios que xa estean percibindo prestacións con cargo á póliza.

5. A entrega material de certificados individuais, boletín de adhesión e da información prevista neste artigo, así como dos cambios do seu contido, poderá ser asumida pola empresa tomadora.

Así mesmo, para a subministración da información poderanse utilizar medios telemáticos logo de aceptación expresa do asegurado ou beneficiario destinatario.»

Tres. O punto 2 da disposición adicional única queda redactado como segue:

«2. Sen prexuízo das obrigacións de información previstas no artigo 34.1, as entidades aseguradoras, respecto dos plans de previsión social empresarial contratados, deberán facilitar á empresa tomadora do plan, xunto coa póliza, condicións xerais, especiais e particulares, anexos e suplementos, a seguinte información:

a) Bases técnicas e descrición da política de investimento que se pretende aplicar no caso de que a póliza prevexa participación en beneficios a favor dos asegurados.

b) No primeiro trimestre de cada ano deberá facilitarse un estado resumo sobre a situación do plan de previsión social empresarial en 31 de decembro do ano anterior que conteña, polo menos, os seguintes puntos:

1.º Relación de traballadores asegurados e, de ser o caso, beneficiarios perceptores de prestación.

2.º Valor das provisións técnicas e a súa adecuación aos compromisos cubertos pola póliza.

3.º Importe das primas, prestacións e rescates por mobilización efectuados no ano.

4.º Xuro garantido en cada exercicio.

5.º Detalle de custos e gastos soportados.

6.º Política de investimento aplicada se se prevé participación en beneficios a favor dos asegurados, con indicación do cálculo, resultados obtidos e asignación da citada participación.

7.º Valor de rescate da póliza.

8.º Modificacións normativas, cambios nas condicións xerais, especiais e particulares da póliza e na súa base técnica.»

Catro. O punto 6 da disposición adicional única queda redactado como segue:

«6. Os asegurados dos plans de previsión social empresarial unicamente poderán exercer o dereito de rescate no suposto de extinción da relación laboral e só se está previsto nas condicións xerais, especiais ou particulares da póliza, e poderán

integrar os seus dereitos económicos noutros plans de previsión social empresarial, en plans de previsión asegurados ou en plans de pensións.

Para os efectos do previsto no parágrafo anterior, aplicarase o procedemento de mobilización de dereitos dos plans de previsión social empresarial regulado na disposición adicional sexta do Regulamento de plans e fondos de pensións.»

Artigo 3. *Modificación do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro.*

O Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, queda modificado como segue:

Un. Introdúcese unha nova letra d) no punto 5 do artigo 50:

«d) As participacións en agrupacións de interese económico do sector naval cando a recuperación do investimento e a rendibilidade se obteñan pola imputación de créditos fiscais no imposto sobre sociedades, e os créditos fiscais rexistrados no balance da entidade aseguradora como consecuencia da imputación de resultados da agrupación de interese económico na medida en que se compensen con bases impoñibles positivas.»

Dous. O sexto parágrafo do punto 4 do artigo 53 queda redactado do seguinte modo:

«O investimento en valores ou dereitos mobiliarios que non estean admitidos a negociación en mercados regulados no ámbito da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE), en accións e participacións en institucións de investimento colectivo de investimento libre ou en institucións de investimento colectivo de institucións de investimento colectivo de investimento libre recollidas no punto 5.a).2.º do artigo 50, en accións e participacións en sociedades e fondos de capital risco a que se refire o punto 5.a).3.º do artigo 50, en valores ou dereitos negociados no mercado alternativo bolsista, ou no mercado alternativo de renda fixa e as participacións en agrupacións de interese económico do sector naval e os créditos fiscais a que fai mención a letra d) do punto 5 do artigo 50, non poderá computarse por un importe superior ao 10 por cento do total das provisións técnicas que se deben cubrir. Cando se trate de entidades reaseguradoras e unicamente para o investimento en valores ou dereitos mobiliarios que non estean admitidos a negociación en mercados regulados no ámbito da OCDE, o límite será o 30 por cento.»

Tres. O oitavo parágrafo do punto 4 do artigo 53 queda redactado do seguinte modo:

«O conxunto das accións e participacións nunha institución de investimento colectivo de investimento libre ou nunha institución de investimento colectivo de institucións de investimento colectivo de investimento libre, a que se refire o punto 5.a)2.º do artigo 50 deste regulamento, ou de accións e participacións nunha sociedade ou fondo de capital risco a que se refire o punto 5.a).3.º do seu artigo 50, non se poderán computar por un importe superior ao 5 por cento do total das provisións técnicas que se deben cubrir. As participacións en agrupacións de interese económico do sector naval xunto cos créditos fiscais a que fai mención a letra d) do punto 5 do artigo 50 non se poderán computar por un importe superior ao 2 por cento do total das provisións técnicas que se deben cubrir. O investimento en accións e participacións emitidas por unha soa das entidades de capital risco e en valores ou dereitos negociados no mercado alternativo bolsista ou no mercado alternativo de renda fixa emitidos por unha mesma entidade non poderá superar, conxuntamente, o 3 por cento das provisións técnicas que se deben cubrir. O citado límite do 3 por cento será dun 6 por cento cando o investimento en accións e participacións emitidas polas entidades de capital risco e en valores e dereitos

negociados no mercado alternativo bolsista ou no mercado alternativo de renda fixa estean emitidos ou avalados por entidades pertencentes a un mesmo grupo. A participación nunha agrupación de interese económico do sector naval ou os créditos fiscais procedentes desta a que fai mención a letra d) do punto 5 do artigo 50 non se poderán computar por un importe superior ao 0,6 por cento do total das provisións técnicas que se deben cubrir.»

Catro. O punto 3 do artigo 76 queda redactado do seguinte modo:

«3. Nas proposicións e pólizas de seguros sobre a vida con participación en beneficios non se poderán establecer cuantificacións numéricas de valores baseadas en estimacións dos beneficios futuros que vaia obter a entidade. Non obstante o anterior, deberase incluír a participación en beneficios no cálculo da rendibilidade esperada nos termos que establece o artigo 105.1.m) deste regulamento e a súa normativa de desenvolvemento.»

Cinco. O punto 7 do artigo 76 queda redactado do seguinte modo:

«7. No cálculo das tarifas dos contratos de seguro non se poderán establecer diferenzas de trato entre mulleres e homes nas primas e prestacións das persoas aseguradas, cando estas consideren o sexo como factor de cálculo, de acordo co establecido na disposición adicional décimo segunda do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados.

Non obstante o anterior, en ningún caso os custos e riscos relacionados co embarazo e co parto xustificarán diferenzas nas primas e prestacións das persoas consideradas individualmente.

Exceptúanse do disposto nos dous parágrafos anteriores os contratos de seguro vinculados a unha relación laboral, nos cales se permite a diferenciación nas primas e prestacións cando estea xustificada por factores actuariais.»

Seis. Modifícase o punto 1 do artigo 105, introducindo unha nova letra m):

«m) A rendibilidade esperada naquelas modalidades de seguro de vida en que o tomador non asuma o risco do investimento e haxa que dotar provisión matemática, coas exclusións que determine o ministro de Economía e Competitividade por existir un compoñente principal de risco biométrico. A rendibilidade esperada da operación de seguro é o tipo de xuro anual que iguala os valores actuais das prestacións esperadas que se poidan percibir na operación por todos os conceptos e os pagamentos esperados de prima. Mediante orde ministerial regularase o mecanismo de cálculo desta rendibilidade esperada, considerando polo menos os factores do período a que afecta a garantía, as táboas biométricas, o pagamento de primas futuras ou a posible existencia de participación en beneficios. O tomador de seguro poderá solicitar á entidade aseguradora o detalle do cálculo da rendibilidade esperada, que deberá ser entregado nun prazo máximo de 10 días. A información facilitada debe ser completa e facilmente comprensible para o tomador de seguro.

Habilítase a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións para que mediante resolución poida precisar as operacións de seguros de vida que teñan un alto grao de compoñente biométrico que se exclúan da obriga de información da rendibilidade esperada.»

Sete. Engádese unha disposición transitoria décimo primeira:

«Disposición transitoria décimo primeira. *Dotación á provisión do seguro de decesos.*

As entidades aseguradoras que, en 31 de decembro de 2014, aínda teñan pólizas cuxas bases técnicas e provisións non sexan conformes co disposto nos

artigos 79 e 46, disporán dun prazo máximo de vinte anos, contados desde o 1 de xaneiro de 2015, para rexistrar no seu balance a provisión que resulte de efectuar a correspondente adaptación, a cal deberá tomar en consideración as características dos diferentes tipos de contrato, en particular, a data de primeiro aseguramento e as primas que o tomador estea obrigado a aboar a partir dese momento á entidade aseguradora.

Para a constitución da indicada provisión, as entidades, en cada un dos anos do período transitorio, calcularán a diferenza entre o importe da provisión que deberían constituír conforme a formulación actuarial da operación e o constituído, correspondentes ambos ás pólizas cuxas bases técnicas e provisións non fosen conformes co disposto nos artigos 79 e 46 en 31 de decembro de 2014, e dotarán esta provisión con carácter sistemático».

Artigo 4. *Modificacións ao Real decreto 764/2010, do 11 de xuño, polo que se desenvolve a Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados en materia de información estatístico-contable e do negocio, e de competencia profesional.*

Un. O punto 1 do artigo 7 queda redactado do seguinte modo:

«A remisión da información anual a que se refire o punto 1 do artigo precedente axustarase aos modelos que figuran no anexo I e remitirase antes do 30 de abril do ano seguinte a aquel a que se refira».

Dous. O punto 1 do artigo 9 queda redactado do seguinte modo:

«A remisión da información anual a que se refire o punto 1 do artigo precedente axustarase aos modelos que figuran no anexo II e remitirase antes do 30 de abril do ano seguinte a aquel a que se refira».

Disposición transitoria única. *Adaptación ao establecido nos artigos 1 e 2 deste real decreto.*

1. Os plans e fondos de pensións, os comercializadores e demais entidades ás cales resulte aplicable o establecido nos artigos 1 e 2 deste real decreto deberán adaptar o seu funcionamento e actividade ao previsto neste real decreto no prazo de seis meses desde a súa entrada en vigor. En particular, dentro deste prazo deberán adaptarse as especificacións dos plans de pensións, as normas de funcionamento e a declaración de principios da política de investimento dos fondos de pensións que non se axusten ao disposto neste real decreto.

2. A información periódica relativa ao primeiro semestre e segundo trimestre de 2015 deberá estar adaptada ao establecido no artigo 48 do Regulamento de plans e fondos de pensións, modificado polo punto vinte e un do artigo 1 deste real decreto.

3. A información anual que se subministrará en 2015 relativa aos contratos de seguro colectivo deberá estar adaptada ao disposto no punto 2 do artigo 34 do Regulamento sobre a instrumentación dos compromisos por pensións das empresas cos traballadores e beneficiarios, modificado polo punto dous do artigo 2 deste real decreto. Esta información anual que se subministrará en 2015 deberá incluír o valor da provisión de seguros de vida en 31 de decembro de 2014.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Queda derogada a disposición adicional única do Real decreto 1684/2007, do 14 de decembro, polo que se modifican o Regulamento de plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro, e o Regulamento sobre a

instrumentación dos compromisos por pensións das empresas cos traballadores e beneficiarios, aprobado polo Real decreto 1588/1999, do 15 de outubro.

Queda derogada a disposición transitoria terceira do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

As disposicións contidas no artigo 1 deste real decreto teñen a consideración de bases da ordenación dos seguros e a banca, e de bases de planificación xeral da actividade económica, de acordo co previsto no artigo 149.1.11.^a e 13.^a da Constitución, respectivamente, salvo as seguintes disposicións, que se consideran competencia exclusiva do Estado para ditar a lexislación mercantil consonte o artigo 149.1.6.^a da Constitución: as contidas nos puntos un a seis, dez, quince a dezasete, vinte, vinte e catro a vinte e seis, trinta, setenta, setenta e dous e setenta e tres do dito artigo 1.

As disposicións contidas no artigo 2 deste real decreto teñen a consideración de competencia exclusiva do Estado para ditar a lexislación mercantil consonte o artigo 149.1.6.^a da Constitución.

As disposicións contidas no artigo 3 deste real decreto teñen a consideración de bases da ordenación dos seguros e de bases de planificación xeral da actividade económica, de acordo co previsto no artigo 149.1.11.^a e 13.^a da Constitución, respectivamente.

A disposición contida no artigo 4 deste real decreto ten a consideración de bases da ordenación dos seguros, de acordo co previsto no artigo 149.1.11.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Orde EHA/407/2008, do 7 de febreiro, pola que se desenvolve a normativa de plans e fondos de pensións en materia financeiro-actuarial, do réxime de investimentos e de procedementos rexistrados.*

Modificación da Orde EHA/407/2008, do 7 de febreiro, pola que se desenvolve a normativa de plans e fondos de pensións en materia financeiro-actuarial, do réxime de investimentos e de procedementos rexistrados, nos seguintes termos:

Un. No punto 1 do artigo 19 engádese un último parágrafo coa seguinte redacción:

«Con carácter xeral, a modificación dos datos e documentos a que se refire este punto deberá comunicarse á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións no prazo de 10 días a partir da data de adopción dos acordos correspondentes, xuntando a oportuna certificación destes.»

Dous. No punto 2 do artigo 19 engádese un último parágrafo coa seguinte redacción:

«Con carácter xeral, a modificación dos datos e documentos a que se refire este punto deberá comunicarse á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións no prazo de 10 días a partir da data de adopción dos acordos correspondentes, xuntando a oportuna certificación destes.»

Tres. Suprimense os puntos 1 e 2 do artigo 20.

Disposición derradeira terceira. *Rango de orde ministerial.*

O disposto na disposición derradeira segunda terá rango de orde ministerial e poderá ser modificado mediante orde do ministro de Economía e Competitividade.

Disposición derradeira cuarta. *Transposición de normativa comunitaria.*

Mediante o punto sesenta e seis do artigo 1 deste real decreto trasponse ao ordenamento xurídico español, en materia de fondos de pensións, o artigo 19.1 da Directiva 2003/41/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de xuño de 2003, relativa ás actividades e a supervisión dos fondos de pensións de emprego, modificada polo artigo 62 da Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, relativa aos xestores de fondos de investimento alternativos e pola que se modifican as directivas 2003/41/CE e 2009/65/CE e os regulamentos (CE) n.º 1060/2009 e (UE) n.º 1095/2010.

Mediante o punto cincuenta e sete do artigo 1 deste real decreto trasponse ao ordenamento xurídico español, en materia de fondos de pensións, o artigo 18.1 bis da citada Directiva 2003/41/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de xuño de 2003, relativa ás actividades e á supervisión dos fondos de pensións de emprego, modificada polo artigo 1 da Directiva 2013/14/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio de 2013, que modifica a Directiva 2003/41/CE relativa ás actividades e á supervisión de fondos de pensións de emprego, a Directiva 2009/65/CE, pola que se coordinan as disposicións legais, regulamentarias e administrativas sobre determinados organismos de investimento colectivo en valores mobiliarios (OICVM), e a Directiva 2011/61/UE, relativa aos xestores de fondos de investimento alternativos, no que atinxe á dependencia excesiva das cualificacións crediticias.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» coa excepción do previsto nos parágrafos seguintes.

O punto sesenta do artigo 1 do presente real decreto entrará en vigor aos dous meses da data da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

O artigo 4 entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2015, e a primeira remisión debida da DEC anual será a correspondente ao exercicio de 2014. A modificación da data límite do 30 de abril afectará a remisión da documentación estatístico-contable dos corredores de seguros e os corredores de reaseguros e a documentación contable e do negocio dos axentes de seguros vinculados e operadores de banca-seguros vinculados correspondente ao exercicio de 2014 que deban subministrar á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións a partir do 1 de xaneiro de 2015.

Dado en Madrid o 1 de agosto de 2014.

FELIPE R.

O ministro de Economía e Competitividade,
LUIS DE GUINDOS JURADO